

## CONCELLO PLENO

### ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2010/01

**CARACTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 18 DE XANEIRO DE 2010

---

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do d3a **18 de xaneiro de 2010** reuni3use o Pleno do Concello en sesi3n convocado ao efecto con car3cter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que 3 marxe se indican:

#### Presidente:

D.Fernando Su3rez Barcia (Alcalde-BNG)

#### Concelleiros presentes na sesi3n:

##### Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

##### Polo Grupo do P.P.

D. Jos3 Carlos Rodr3guez Andina  
D.Jos3 Duarte D3az  
D. Jes3s L3pez Penabad  
Dona Bego3a Sanjurjo Santar.

##### Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino P3rez Vacas  
D. Ram3n L3pez P3rez  
Dona Maria Jos3 Rodriguez Arca

##### Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas 3lvarez  
Agust3n Reymondez Gancedo.

#### Secretario:

D.Manuel J. Diaz S3nchez

#### Interventora:

D.ª M3nica Iglesias Prego.

#### T3cnico de Admon. Xeral.

D.Jos3 Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello , nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pasase dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2010/01/01-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS ORDINARIA NÚM.14 DE 9/11/2009 E EXTRAORDINARIA E URXENTE NÚM. 15 DE 13/11/2009.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias dos borradores das actas correspondente ás sesións de datas 9 de novembro de 2009, acta núm. 14, Ordinaria e nú. 15/2009, de 13 de novembro de 2009, extraordinaria e urxente, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

**2010/02/02.-RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE A NÚMERO 141/2009 DE 3 DE SETEMBRO Á NÚMERO183/2009 DE 27 DE NOVEMBRO DE 2009.**

Comenza a intervención o Sr. Pérez López, do Grupo Municipal Socialista facendo referencia ao Decreto de 30 de novembro de 2009, cos apuntes 2170, 2171, 2172 e 2173, que corresponden todos eles a un tema que xa tratou no Pleno anterior, que son dunhos traballos cun camión para desescombro dunha finca na rúa da Muralla. No último Pleno dera conta de que lle parecía unha chapuza como se estaba facendo o control para este tipo de traballos, e que non dubidaban que se houbesen realizado, pero sí a forma en que se estaban presentando as facturas e os albarans, e vólvese a encontrar outra vez con isto, con estes traballos deste camión, con que no albarán se reflexa que un camión traballou no mesmo día dezoito horas, un camión de tres eixos, e iso lle parece un pouco difícil, que isto foi o 6 de agosto. Tamén que o 30 de xullo outro camión traballou trece horas, e insiste en que non quere dicir que non sexa verdade que se traballe ou non se traballe, pero xa solicitaron que se levara un control na Administración, cos cartos do Concello, que haxa control por parte dos Concelleiros, porque xa é a segunda vez que pasa, e que traballe un camión dezoito horas non o cree ninguén, e ven así nos albarans. Non duda que houbese traballado un día, dous días, pero que se controlen os camiós, que xa llo dixo ao Concelleiro de Facenda, pero polo menos, que se aclaren os albaranes, porque xa é a segunda vez que pasa.

Tamén lle chama a atención unha cousa que quería que se lle aclarase, pero non lle deixaron os servizos administrativos, xa que él quería facer unha fotocopia dunha factura, que cree que estaba no seu dereito, xa que estaba entre a documentación que iba ir ao Pleno, e non lle

deixaron, e quería que lle aclarara porqué non lle deixaron, porque él consultouno cos servizos de Secretaría e lle contestaron que na súa opinión creían que podía facela, pero o funcionario lle dixo, e él non quixo forzar ó funcionario, que tiña orden do Equipo de Goberno de non deixar facer fotocopias da documentación que iba ao Pleno. Pide que se lle aclare esta cuestión, xa que lle dixo así o funcionario, e él lóxicamente non vai forzar ao funcionario.

Respostalle o Sr. Castro Reigosa que iso é certo, pero con puntualizacións, dixose senón había solicitude polo medio, máis que nada, para que quede constancia de quen solicita copias da documentación, porque agora sábese, pero dentro de seis meses anda a documentación fotocopiada por ahí, e non se sabe a quen se lle deu a autorización, e ao solicitalo por escrito, sábese a quen se lle deu, que é exclusivamente para iso.

O Sr. Pérez López manifesta que discrepa, xa que si él o solicita pola mañá por escrito, que estivo un cuarto de hora no Concello, di que cando lle vai a contestar o Sr. Alcalde se está ocupado ou non está, que é documentación do Pleno, e él di que teñen dereito a vela, e cree que tamén a fotocopiála.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista se é unha norma nova, ou se está escrita.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que non hai ningún problema para que poida acceder a documentación pública que ten que ir a Orden do Día dun Pleno ou dun órgano colexiado.

O Sr. Pérez López di que lle chama moito a atención, que non dubída da legalidade nin de que se esté pagando, por exemplo a empresa “Ollomol”, que di “actividades socioculturais”. Di que se lle pagou unha factura no mes de agosto de 2.577€ e que a xustificación é unha factura presentada por esa empresa e o xustificante das horas ven asinado nun documento que está fotocopiado, que trae a fotocopia da firma da Concelleira Delegada. Pregunta como se pode pagar algo cunha fotocopia dunha firma.

O Sr. Castro Reigosa di que isto llo ten que aclarar, que a factura especifica claramente todas as partidas e as actividades que se fixeron, e está asinada pola Concelleira Delegada, e tamén hai un documento vello que se fotocopiou, e fotocopiouno quen pasa os partes, que non se fotocopiou dende eiquí, e o fotocopiou coa firma da Concelleira, é se observa o documento, quen deu os partes e quen os asinou, estaban asinados en documento legal e en orixinal.

O Sr. Pérez López di que él viu un documento fotocopiado donde veñen unhas horas escritas a bolígrafo, e iso ven avalado cunha firma fotocopiada, e iso non lle parece correcto, pero está ahí e non se lle deixou fotocopiado.

O Sr. Castro Reigosa está de acordo con iso, con que non se fotocopie un documento que ten unha sinatura, manifesta que neso está de acordo.

O Sr. Pérez López di o Sr. Castro Reigosa que él que foi un home que traballou nunha empresa privada, ten que saber que eses documentos coa firma fotocopiada non son válidos.

O Sr. Castro Reigosa lle dí que él lle está explicando como foi a cousa, e lle dí que non é correcto que o documento se fotocopiara, pero o documento e por encargo, non era para dar o visto e prace a factura.

O Sr. Pérez López di que cree que él xa falou coa funcionaria, porque él preguntoulle se había algunha documentación máis que a que lle estaban ensinando e lle contestou que non, que iso e o que presentan cando traen a factura.

O Sr. Castro Reigosa lle di que se observou a factura, vería que estaba asinada e a factura recolle tódolos datos.

O Sr. Pérez López sinala que está de acordo con que lle diga que non é correcto.

Intervén a Interventora do Concello, a Sra. Iglesias Prego, e manifesta que esa factura en concreto non a viu, pero que a factura é unha factura orixinal, e está asinada pola Sra. Concelleira pola parte de atrás, que é como se lle da conformidade a factura. En todo caso, o albarán que está unido, é un albarán que presenta a empresa unido a factura, e na medida en que o presenta por rexistro, non se pode destruír e se mantén adxunto á factura, e a conformidade á factura a da a firma da Sra. Concelleira na parte de atrás, e esa sí é orixinal.

O Sr. Pérez López di que sí que o presenta a empresa, pero que o control diario de esas horas, que e o taco que eles presentan mediante fotocopias.

A Sra. Iglesias Prego sinala que o que eles presentan é un control da empresa e se é unha fotocopia, é o que presenta a empresa por rexistro.

O Sr. Pérez López di que eso e a conformidade de que se fixeron esas horas, a conformidade de que ese día se fixeron esas horas, e algunha persoa terá que firmar ese día a conformidade de esas horas, imaxínase que non se asina todas a fin de mes, que haberá que comprobar que ese día se fixeron esas horas e virá con esa firma fotocopiada.

O Sr. Castro Reigosa explica que ese documento está asinado en orixinal non pola Concelleira Delegada, senón por quen leva o control, e está en orixinal. Preguntalle ao Sr. Pérez López se sí ou se non, e pidelle que lle conteste.

O Sr. Pérez López di que non , que está en fotocopia.

Preguntalle o Sr. Castro Reigosa se o documento está coa firma orixinal, e di que non está falando da factura, senón do documento de solicitude, que se ten unha firma orixinal ou non.

O Sr. Pérez López di que él non a viu.

O Sr. Castro Reigosa di que revise de novo a documentación e que verá que todas as solicitudes teñen unha firma orixinal de quen as controla.

Reitera o Sr. Pérez López que no a viu , e que non lla deixaron fotocopiar, valga a redundancia, e ven con unha firma fotocopiada, é o xustificante diario dos traballos desas horas.

O Sr. Castro Reigosa lle di que insiste nunha cousa que él lle está explicando que ese documento, él xa sabe que ten unha firma fotocopiada, pero que a parte desa , trae unha firma orixinal a bolígrafo, e lle pregunta se é verdade ou non.

O Sr. Pérez López lle dí que él non a viu.

O Sr. Castro Reigosa reitera que é unha pena, que podía ir a buscala, que tódolos documentos de solicitude teñen unha firma orixinal, que recoñece que se fixeron eses traballos.

O Sr. Pérez López lle di que terá ocasión de volvela a ver e espera que lle deixen fotocopiála agora.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas se esas instrucións de que non se podían fotocopiar esos documentos se as deu o Concelleiro Delegado, porque como vai a ter a fotocopia o Sr. Pérez López senón lle dan opción de que a teña.

Intervén o Sr. Alcalde e lles dí que van a ser resolutivos, que o Sr. Pérez López pode acceder aos documentos, como Concelleiro que é sen ningún problema, ademáis son documentos que están na Orden do Día do Pleno, e despois cree que está bastante aclarado coas explicacións do Concelleiro Delegado e coa Interventora, coincidindo, e que él non estaba a tanto de esta historia e que a él o convenceron, que eles de aquí en diante todo o que queiran fotocopiar de órganos colexiados, non van a ter ningún problema, nin eles nin ninguén.

O Sr. Castro Reigosa di que fai unha declaración final e di que se o Sr. Lopez Perez trouxera unha fotocopia, sería unha fotocopia dunha fotocopia, non un orixinal o que estaría eiquí, e dicir, que para aclarar este tema, teríase que ter o orixinal diante.

Prosegue o Sr. Pérez López referíndose aos campamentos urbáns do 1 e 2 de xullo, por importe de 18.950€, pregunta que foi isto, se é o que custou celebrar os campamentos urbáns

O Sr. Castro Reigosa lle contesta que ese é o custo das actividades de verán infantis e xuvenis de todo Ribadeo.

Pregunta o Sr. Pérez López por unha factura de Tugalo, S.A. de enerxía eléctrica, de gastos de subministro de electricidade, de enerxía eléctrica da nave antiga da empresa Ribadeo, referíndose a que nave e esta, que o importe e de 449,45€.

Respostalle o Sr. Castro Reigosa que iso e .debido a que non se traspasou o subministro de enerxía da nave a nome do Concello, esa factura e da facturación atrasada que se debía.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista, que fai o Concello alí.

O Sr. Alcalde di que se usa para a Cabalgata de Reis, e que se gardan entre outras cousas as carrozas.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas que si paga iso o Concello, a maiores do que é para a Cabalgata.

O Sr. Alcalde explica que se o Concello comprou na súa época cando o Sr. Pérez Vacas era Alcalde e él Tenente de Alcalde, a nave, aínda que non haxa consumo, hai que pagar un mínimo.

O Sr. Pérez Vacas di que a pregunta del con relación a iso é se o concello se fai cargo de ese gasto que houbo, que se o paga a maiores da subvención que se lle da a Cabalgata.

O Sr. Alcalde explica que o Concello é o abonado , e abona o gasto de consumo eléctrico que se produce na estación de autobuses vella, incluído o uso pola Cabalgata, o Entroido que están facendo o boneco, incluído o uso pola Semana Santa , que se fan varias actividades, incluído o almacén donde está o camiión de incendios.

Pregunta o Sr. Pérez López se a empresa Ibérica de Revestimientos, S.A. é de Ribadeo.

Manifesta o Sr. Alcalde que cree que iso é a Casa do Pintor.

Prosegue o Sr. Pérez López preguntando polo apunte 2415 do decreto do 23 de outubro de 2009 que pon "Festival promoción sistema arbitral de consumo" e pregunta que foi isto, que é de 1.972€.

O Sr. Alcalde resposta que é unha actividade que organiza periódicamente a Oficina Municipal de Información ó Consumidor, pero que concretamente non llo pode dicir agora mesmo, e lle pide que lle repita o número e o decreto para preguntarlle ó responsable da área.

Respostalle o Sr. Pérez López os datos, e engade que foi a D.Fernando Martínez Rodríguez a quen se lle pagou.

Pregunta o Sr. Pérez López se é correcto o dato de 50.000 folletos publicitarios sobre a Praia das Catedrais, se é verdade que se encargaron esa cantidade de folletos.

Contestalle o Sr. Alcalde que sí que pode ser que sexan 50.000.

Preguntalle o Sr. Pérez López dónde se están distribuindo, se é na Oficina da Praia das Catedrais.

Contestalle o Sr. Alcalde que iso editouse para un convenio que asinaron coa Deputación de Lugo, de cara ó punto de información turística que fixeron en varios idiomas, para información sobre a Praia das Catedrais, en inglés, en galego, en español, ...

Pregunta o Sr. Pérez López por un gasto de seismil e pico de euros en tres apuntes, do CIM, que lle parece que debe ser relativo ó Plan de Igualdade, e pregunta se estaban todos subvencionados.

Manifesta o Sr. Alcalde que iso ten unha subvención anual.

Engade a Sra. Mari Luz Álvarez Lastra que sí, que ten unha subvención anual, e despois para eses programas, hai unha parte que ten subvención e outra non, pero que parte de eses gastos está subvencionada.

Prosegue o Sr. Lopez Perez formulando preguntas respecto a outros gastos, especificamente sobre unha pensión completa para dúas persoas do Concurso de Astronomía, pregunta se podía saber cantas persoas asistiron a ese curso.

Respostalle o Sr. Cupeiro Rodríguez, que sobre coarenta, aproximadamente, e que foron dous cursos, un de dúas persoas durante dous días, e despois seis días do curso de astronomía de dous ponentes.

Pregunta o Sr. Pérez López quen é a empresa Unipress, S.A. que fai unha actividade publicitaria mensual para o Concello.

Respostalle o Sr. Alcalde que é Onda Cero.

O Sr. Rivas Álvarez, Portavoz do Grupo Municipal UPRI, pregunta polo decreto num. 2397, de alumeado para festas de San Roque e da Patrona, e pregunta se é polos dous alumeados, que son 6.324,20€, e que se esta empresa Belfoga é de fora.

Respostalle o Sr. Alcalde que é de Viveiro, e que cree que está desde a época deles.

Prosegue o Sr. Rivas Álvarez referíndose ao Decreto num. 2400 de sete rueiros e tres postes galvanizados, e pregunta se son os que se poñen para as ruas e se traen algún tipo de garantía esas sinais.

O Sr. Alcalde respostalle que non o sabe.

O Sr. Rivas Álvarez di que hai unha que se puxo recentemente que non é na súa rúa senon na transversal diante da casa de Forcada, que está toda oxidada.

Pregunta o Sr. Castro Reigosa que empresa é.

Prosegue o Sr. Rivas Álvarez sinalando que non sabe que empresa é, que se chama Herbronce, que o poste está intacto pero que na sinal case non se ve o nome.

Pregunta o Sr. Alcalde donde é.

O Sr. Rivas Álvarez contestalle que é na Travesía de Suso Peña, non na calle, senón na travesía, e que se hai algún tipo de garantía, que a repoña.

O Sr. Alcalde di que non cree que esa sinal sexa correspondente con este pedido.

O Sr. Rivas Álvarez di que se refire a que se estas sinais teñen algún tipo de garantía, que se lles esixa que as repoñan.

O Sr. Alcalde di que neste caso é Herbronce, pero que as outras foron de outras empresas.

O Sr. Rivas Álvarez di que son iguais as que se poñen, son brancas co fondo azul e lle parece que son de pacotilla, e se van estropearse así que non se siga comprando dese material.

Prosegue o Sr. Rivas Álvarez refiríndose a cunhos decretos que di que son varios seguidos de asistencia técnica ó concerto grupos de Ribadeo de 2.320€, pagados a D.Fernando Martínez Rodríguez, e outro de festival de promocións polo que xa preguntou o Concelleiro Ramón Pérez López. Pregunta se esa asistencia técnica se refire á megafonía, iluminación e sonido soamente.

Contestalle a Sra.Concelleira de Cultura, D<sup>a</sup>.Mari Luz Álvarez Lastra que a veces tamén é para as tarimas, que non se trata dun palco elevado, senón dunhas tarimas.

Prosegue o Sr. Rivas Álvarez refiríndose ao decreto 2457 de auditoría da “Q “ da Praia das Catedrais e a que hai tamén da Praia dos Castros de 841€ cada unha delas, e pregunta se se fai cada ún delas anualmente, e se conleva algún custo máis ca este.

Respostalle o Sr. Cupeiro Rodríguez que agora esas dúas praias vai facelas a Deputación.

Prosegue o Sr. Rivas Álvarez referíndose ao decreto 2466 da Sociedade Xeral de Autores de 232€ e pregunta se se segue pagando, porque viu na prensa que non lle facían caso na FEGAMP , e se hai que seguir pagando é unha sangría.

O Sr. Alcalde di que non lle fixeron caso nin na FEGAM nin na FEMP, que nos últimos tempos levan pagados 9.000€, e a débeda son outros 6.000€ ou algo así, e que non se pagou nada dende que se estableceu no ano 2002, según os datos que él ten.

Prosegue o Sr.Concelleiro refiríndose a outro decreto, o 2492 de charlas nos obradoiros ou sesións formativas da igualdade de 2.420,80€ de D.Ramón Torrente García e pregunta o número de horas que impartiu este señor neste obradoiro, xa que hai outro no mesmo caso que cobrou 174 euros ou una cousa así.

Contestalle a Sra. Álvarez Lastra que iso forma parte dun traballo de igualdade que se leva a cabo nos centros de ensino e non lle pode dicir agora mesmo o número de horas, que ese é o cómputo total de dous anos de actividades nos centros de ensino, e non sabe especificarlle tal taller tantas horas, pero que inclúe tódolos talleres.

Prosegue o Sr.Concelleiro referíndose ao decreto 2220 que dí textualmente “Xantar sobre rodas. Menús servidos en agosto/2009.” E sinala que despois encontrou outro relacionado, no 2507 que di o mesmo “Xantar sobre rodas, menús servidos en agosto/09”, que ún é de 4.825,30€ e o outro é de 4.911,23, e pregunta se están duplicadas.

O Sr. Alcalde manifesta que deduce que debe haber un erro na transcripción do mes, que o que si cambia lixeiramente ,e que só pode vir unha unidade.

O Sr. Rivas Álvarez di que despois hai un correspondente a outubro, que é o 2508.



Prosegue referíndose o Sr. Concelleiro a un Decreto da Alcaldía que recolle un concepto de ingreso por parte de transferencias correntes da Consellería de Traballo, e na partida correspondente poñense en gastos en comunicación social, e pregunta se é para pagar o gabinete de prensa, e que se ven unha subvención e se utiliza para pagar eso, pregunta se con comunicación social se refire ó gabinete de prensa.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda resposta que non.

O Sr. Alcalde di que esa é unha partida do Plan Xeral Contable.

A Sra. Interventora di que “comunicación social” é unha partida da estrutura presupostaria que se refire a comunicación social e participación cidadá, en materia de medio rural, é unha partida funcional da estrutura presupuestaria. Explica que a partida correspondente ao gabinete de prensa é a 111.226.

O Sr. Rivas Alvarez di que entón non é a partida a que se aplicou a subvención, que era o que él quería saber.

Prosegue o Sr. Concelleiro facendo referencia a un decreto, polo que xa preguntou o Sr. López Perez, o num. 2079 de actividades infantís de verán da Ludoteca, e pregunta se esta actividade ten subvención con cargo a OMIX ou algo.

Respostalle a Sra. Álvarez Lastra que sí, que unha parte está subvencionada pola OMIX e outra, si se trata dos campamentos de verán da Deputación tamén.

Pregunta asimesmo polo Decreto num. 2180 de asesoría e mantemento sistema xestión ambiental 6ª mensuralidade, e pregunta se esta persoa está no Concello tódolos días.

O Sr. Cupeiro Rodriguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente preguntalle a quen se refire.

O Sr. Rivas Álvarez di que se refire a Novotec Consultores.

O Sr. Cupeiro Rodriguez explica que Novotec Consultores ten un contrato feito co Concello, que xa viña dende antes, que era por todo o ano e cobraban sobre 12.000€ aproximadamente, e este ano foi subvencionado polo núcleo de sostibilidade, foron 11.370 ou algo así, a parte da auditoría interna que teñen que facer, que loxicamente xa cobran, e máis unha auditoría externa que fai unha empresa externa que é Lloyd, neste caso, que tamén cobra aparte.

Reitera o Sr. Rivas Álvarez a pregunta de se está aquí esa persoa tódolos días.

Explica o Sr. Cupeiro Rodriguez que ela ven, que ten un custo diario, e que veñen sobre vinte ou vinte e tres días o ano en función do que cobran.

Por último o Sr. Rivas Alvarez refírese ao decreto 2278 que lle chamou a atención, de 220,40€, e que pon 10.000 folios para as oficinas, e lle pregunta o Sr. Alcalde se sabe canto custa un paquete de folios.

Preguntalle o Sr. Castro Reigosa que partida é esa.

O Sr. Rivas Alvarez respotalle que é a correspondente ao decreto 2278 .

Preguntalle de novo o Sr. Castro REigosa que partida presupostaria é.

O Sr. Alcalde di que lle di él, que é de Gráficas Ribadeo, S.L., e que son impresos, que non son folios brancos, que son folios timbrados.

O Sr. Rivas Alvarez di que sale desta maneira o paquete de folios a 11 euros, e un paquete de folios normalmente non chega os tres, e engade que xa preguntará o que costa timbralos.

**2010/03/03.-DEIXACIÓN SEN EFECTOS DE LICITACIÓN CONVOCADA SEGUNDO ACORDO PLENARIO DE 3 DE SETEMBRO DE 2009 DE OBRAS DE “MELLORA DOS TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO CUXA TITULARIDADE FOI TRANSFERIDA AO CONCELLO”, SEGUNDO PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 14 de xaneiro de 2010 que se transcribe de seguido:

“Iniciase deliberación manifestando o Sr.Alcalde que este punto e o seguinte estan estreitamente vencellados, e menciona que se celebrou un Pleno onde se acordou a modificacion da clasificacion requerida e que habia un informe do Arquitecto municipal que decía que houbera un erro, e houbo que voltar a licita-lo proxecto, e cos prazos de publicación, presentación, días que lle levou os tecnicos face-lo informe.que foi emitido o 2 de novembro,etc., e se puxeron nunhas datas en que respecto o convenio que establecía que o 1 de decembro de 2009 tiñan que estar certificadas as obras na primeira anualidade o que era materialmente imposible:convocar o pleno, adxudicar a obra, sinatura do contrato, replantexamento , executala e certificala.

Da conta igualmente o Sr.Alcalde dos trámites efectuados dende o 10 de novembro, diante da Demarcación de Estradas do Estado para cambiar a anualidade por parte de Fomento e pediuse para 2010, e logo para 2010-2011 e e foi concedido o 23 de decembro este cambio de anualidade para 2010 e 2011.

Ademais viuse por parte técnica que había ademais una serie de erros no proxecto, polo que a Mesa de contratación propuxo deixar sen efecto esta licitación , dado que non había adxudicatario ainda , e iniciar unha nova de acordo coas anualidades fixadas,2010-2011 e aparte diso revisando o técnico municipal o proxecto corrixindo os extremos omitidos. Manifiesta asimesmo que é un proxecto grande, quizais dos mais grandes que desde o Concello se redataron, e e normal que pondera haber erratas o que e frecuente en moitos.

Explica o Sr.Alcalde o vencello entre este punto e o seguinte.

Intervén o arquitecto que informa de que se detectaron unhos erros durante a licitación, mencionando entre eles a dunhos muros de contención en Vilar que agora se incorporaron ó proxecto..

Ademais dí que o proxecto é de decembro de 2008 e dí que en abril de 2009 cambiou o Regulamento electrotécnico respecto ao alumeado. Decidiuse agora sacar a parte do alumeado da Avda.de Galicia, e metelo no Plan "E", porque ademais necesítase que o asine un técnico competente.

Dí que se aproveita para , ademais de corrixir iso, engadir outras cuestións, que cita, Asfaltado de Rúa Ramón Fernández ,cambiou as beirarrúas do Instituto, beirarrúas ata a Vilavella, na zona do Instituto Grupo Francisco Iglesias, aumentase a beirarrúa de Vilar de 1,80 a 2 mts. , beirarrúa na rotonda da Fonte do parador, paso de peóns elevado a nivel de beirarrúa na rúa Amador Fernández, arranxo de pretil en A Rochela (estrada vella) e todo isto está explicado así como a rotonda, que vai como melloras, con medidas para que non se presenten rotondas de distintas medidas que serían mais difíciles de valorar, ten que ser a que vai dibuxada nos planos.O Sr.Arquitecto explica as modificacións e fai referencia ó seu informe e os cambios efectuados no prego de condicións.

Sinalase asimesmo que a ponte sobre a vía do tren que antes ía libre tamén se fixa agora con 5 mts. de ancho por 2,5 mts. de alto (debaixo da vía do tren), para evitar ofertas sen fundamento, como algunha que se produxo.O Sr.Alcalde sinala que é baixo a vía do tren

En canto á clasificación sinalase polo Arquitecto Municipal que as partidas que suman mais do 20 por cento do total da obra son as que deben levar clasificación, o resto non. Cita as de auga e saneamento, que o levan así como as de obras de formigón , e que había dúbida entre formigón e bituminosa pero das que manifesta que hai mais de hormigón que bituminoso., e que agora entraran mais contratistas.

Dí tamén que o prazo agora é de 12 meses en vez de 9 que se fixaban antes, xa que hai que entrar no exercicio 2011.

Por parte do Sr.López Pérez, do PSOE, pregúntase pola rotonda e se non se podería incluír no proxecto , explicando o Arquitecto Municipal que entón deberían sacarse outras partidas , de 150.000 euros, e non lle parece lóxico porque non sabe cales partidas sacar. Refírese tamén ás baixas que se presentaron polas empresas na anterior licitación e que non sabe como fixeron as baixas de 300.000 e 200.000 euros.

Igualmente pregunta o Sr.Lopez Perez se se tiñan estudiado as propostas antes de reunirse a Mesa e pregunta se se pode saber cal era a mellor,

Deliberase sobre o asunto e polo Arquitecto sinalase que non haberá inconvinte en indicalo pero mellor , unha vez que se sustancie a presente licitación.

Por Alcaldía e Secretaría se sinala que non hai inconvinte.

Por Secretaría se indica que se ben caqueira Concelleiro ten dereito a coñecer calqueira documento do Concello, nin as propias empresas o saben ,e si alguen quere acceso se lle pode dar, e que a lei establece un deber de sigilo e que aínda non resolveu o Pleno sobre a deixación sen efecto; pero que nese caso non haberá inconvinte algún, no acceso.O Sr.Lopez Perez dí que pode solicitalo mañá.

Por Secretaría ponse de manifesto a discrepancia que hai entre Secretaría e a Oficina técnica sobre esta obra , no tocante á clasificación, e que así consta no informe emitido.O Sr.Arquitecto manifesta que se trata unicamente dunha capa de 6 cm.de bituminosos,, pero que se queren poden cambialo.

O Concelleiro do PSOE Sr.López Pérez pregunta que empresa foi quen descubriu os erros manifestándose que tampouco se considera oportuno indicar cal foi.

Por parte do Sr.Lopez Pérez, dí que o seu Grupo se reservan para o Pleno.

O Grupo do PP, segundo o seu Portavoz D.José Duarte dí que están de acordo.

O Portavoz de UPRI, Sr.Rivas Alvarez pregunta cando se asinou o Convno inicial co Ministerio de Fomento e sé foi o 19 de xuño de 2008, indicándose que posiblemente sí.

Pregunta tamén se se presentou a segunda licitación , algunha empresa con domicilio fiscal en Ribadeo,xa que indica, cambiouse a clasificación para que puideran entrar empresas locais.O Tecnico municipal di que foi polo do 20% non para que se presentasen empresas locais a razon do cambio clasificatorio.

O Sr.Alcalde dí que non sabe donde se dixo pero o que él puido dicir foi que ao haber un informe técnico donde se sinalaba un erro, modificouse unha claisificación e como é notablemente inferior, por un sentido común obvio poden entrar mais empresas do Concello ou da comarca e non so as grandes do Estado ou de fora e que iso foi o que se puido decir.

O Sr.Rivas Alvarez enumera as catro empresas que se presentaron á licitación, e manifesta que non sabe donde teñen o domicilio fiscal , e que non ten porque ir a buscar en Internet os datos e que teñen dereito a preguntalo e que seguro que o saben , e reitera o seu dereito a efectuar as preguntas que considere convenientes.

De seguido pásase a votación o asunto acordándose ditaminar favorablemente para o Pleno Municipal, por 4 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais BNG e PP) e tres abstencions (dos membros dos Grupos municipais de PSOE e UPRI), a proposta formulada pola Mesa de contratación do Concello nos propios termos da mesma.”

Aberto o turno de intervencións, manifestase en primeiro lugar polo Sr.Rivas Alvarez de UPRI que con data de 29 de xuño de 2008 o Ministerio de Fomento e o Concello de Ribadeo asinaron un convenio para a transferencia dos tramos da travesía urbana e a acta de cesión dos mesmos no mesmo acto. Nese convenio, no punto terceiro o Concello de Ribadeo comprometéase no prazo de seis meses, e dicir, antes do 19 de decembro de 2008, a ter redactado e aprobado o proxecto de obras de melloras e tamén a ter realizados os trámites licitatorios para adxudicar as obras, e que este e o primeiro erro ou incumprimento, como se queira.

Prosegue dicindo o Sr.Concelleiro que no mes de agosto licitase mediante anuncio no BOP nº 183 do día 18 do mesmo mes, ese mesmo anuncio modificase mediante anuncio no BOP nº 210 de 12 de setembro para que se poidan presentar empresas da zona, mesmo locais, segundo erro, finaliza o prazo e non se presenta ningunha empresa da zona, presentáronse os que todos saben, Jesús Martínez Álvarez Construcciones, S.A., Aquagest, San Martín, S.A. e Sistema, S.A. en UTE se resultaba adxudicataria e Xestión Ambiental de Contratas en UTE con Sedesa Obras e Servicios, S.A. Reúnese a mesa de contratación , estudadas as puntuacións dos técnicos

deciden deixala sen adxudicar e facer unha nova argumentación baixo o pretexto de que había que mirar o proxecto, terceiro erro.

Prosegue sinalando tamen o Sr. Concelleiro que estase nun punto que os tramos requiren intervención de obra e a eles parcelles que xa tiña que estar en marcha tendo en contra a difícil situación que están a atravesar na actualidade os parados do noso Concello, tanto os parados como as empresas para poder seguir cotizando por eles e pagarlles as suas nóminas a fin de mes. Chama a atención que cando menos estén a dar tantas voltas a esta obra e a esta adxudicación.

Manifesta que o seu grupo o que quere e que se faiga, e que se faiga o máis rápido posible, tendo en conta que o Concello é responsable a tódolos efectos dos mesmos, dende a acta de cesión do 19 de xuño de 2008, e que tome nota disto e que non se trate de dilatar a súa finalización para que coincida preto das eleccións municipais de 2011 e tratar de sacarlle rédito electoral, xa que todo saben de donde veñen os cartos e porqué veñen, e nalgún dos casos estamos a falar de cesións solicitadas en maio de 2006 e marzo de 2007.

Manifesta que o seu grupo vaise abster, porque a pesar de todo é unha obra necesaria para Ribadeo e para os ribadenses, e fai unha suxerencia, que se poña un paso de peóns para o acceso as áreas comerciais, se que é posible, xa que se cambiou a acera da marxe dereita á marxe esquerda según se sae, a xente vai por alí, e si se fai o túnel de FEVE vai ter que cruzar pola rotonda, que se evite e se poña, se é posible, para evitar accidentes.

Tamén fai unha pregunta, ¿se dispón o Concello da disponibilidad de tódolos terreos para facer esa obra? E non ten que dicir nada máis.

O Sr. López Perez, do Grupo Municipal Socialista di que imaxina que os dous puntos van xuntos practicamente, xa que van da mesma cuestión, e a súa postura vai ser a mesma nos dous puntos. Pola súa parte non van a votar en contra deste proxecto porque consideran que é necesario para Ribadeo, que xa fai anos que se ven demandando, tal como recordaba o Sr. Rivas, dende os épocas do Sr. Perez Vacas como Alcalde, que se entregaran eses tramos, e que eles non van a votar en contra. O que sucede é que isto leva unha serie de anécdotas e de etapas. Este proxecto licitouse por primeira vez o 29 de xullo de 2009, que é a primeira vez que foi ó Pleno. Ahí a esas empresas se lles esixía unha determinada clasificación para poder presentarse a este tipo de obra. Despois con posterioridade, o 3 de setembro se volvían a reunir e rebaixase a clasificación destas empresas, que se podían presentar a facer esta obra.

Preséntanse as ofertas e a Mesa de Contratación solicita un informe técnico das proposicións presentadas, esta mesa estaba presidida polo Arquitecto Técnico Municipal que emite un informe con data 2 de novembro de 2009, e dicir o informe emitíuse e él preguntou o outro día en Comisión que empresa resultaría adxudicataria e non se lle informou nese momento e deronselle unhas explicacións donde non se lle dixo o nome da empresa.

Despois o 10 de novembro como non se iban a cumprir os prazos por un informe, e a parte diso o arquitecto municipal que fala de que se eliminan no novo proxecto unhas referencias ó alumado público para cumprir o citado regulamento de eficiencia enerxética é necesario facer un proxecto independente, como xa se lles explicou, e ademais corríxense algunhas deficiencias detectadas na fase de licitación da obra anterior, e pregunta que empresa detectou estas deficiencias no proxecto anterior e tampouco se lles contestou que empresa é, que era o que o seu grupo quería saber.

Agora vólvense a reunir e vaise facer unha nova licitación e se encontran con que se vai solicitar unha clasificación máis baixa todavía as empresas, e di que aos do seu grupo oelles un pouco mal, que non son malpensados , pero que cheira mal, porque encima desta rebaixa da esixencia e de clasificación ven avalada cun informe do Secretario donde él tamén fai mención a esta nova baixa na licitación que di “toda vez que se ten reducida a clasificación esixida respecto a acordada para a licitación do proxecto anterior, segundo os acordos de 29 de xuño e 3 de setembro de 2009, e se esixe unicamente agora as clasificacións tal tal, compre analizar si se cumpre coa normativa vixente o que parece dubidoso respecto a existencia da clasificación que agora se plantexa.

Examinado o proxecto de referencia xa que segundo os criterios do artigo 36 debía cando menos esixirse a clasificación G-3.4 tal e como se plantexaba inicialmente toda vez que a mesma se refire a tres.

Examinada a normativa de aplicación e o obxectivo finalista de garantir na medida do posible a través do procedemento unha correcta execución se considera que existir ambas, resposta mellor o interese público”.

E dicir que sería mellor para o interés público esixir una clasificación máis elevada.

Di que eles non se van opoñer, que van absterse, pero que queren que quede constancia de que isto cheira un pouco a podrido, entón non van a votar en contra, vanse abster.

O Sr. Duarte Díaz, manifesta que o Partido Popular xa na Comisión votou a favor, consideran que é unha obra moi necesaria , e que non van a poñer atrancos, que hai unha serie de erros en relación ao proxecto, que errar é humano, na parte eléctrica tamén, pero considera que son erros humanos que se subsanan con todo isto, polo tanto, como considera que é necesaria non se van opoñer, e o voto do seu grupo é afirmativo, a favor.

O Sr. Alcalde di que como contestación xeral para todos, que a quen máis lle doe que haxa erros en todo este proceso é a él, como Alcalde de Ribadeo, que é consciente de que os técnicos municipais, todos eles, Intervención, Secretaría, Oficina Técnica a veces están con moitas cousas, xa que é un Concello moi dinámico e nalgúns cousas ao mellor non ten todo o persoal que debería e tamén Ribadeo ten moitas cousas a medio facer, e moitas veces lles piden cinco cousas a un tempo, ou se piden cousas de hoxe para mañá. Se a iso se suma que hai proxectos complexos como este que pola magnitude e pola contía – antes estivo escoitando o que dixeron na Comisión Informativa anterior-, pero cree que nunca o Concello licitou unha obra tan grande, igual se equivoca, pero pensa que nunca de *motu proprio*, dende o punto de vista municipal, se licitou unha obra tan grande, tan complexa, é probable que aparezan erros, que son erros que se viron. Entón aínda que a culpa a asuma o Alcalde, recoñece en que a veces aos técnicos se lle piden cousas nas que eles cometen erros, pero como di o Portavoz do Partido Popular, errar é propio de humans e non se perdeu aquí nada.

Empezando pola argumentación que lle daba o Sr. Rivas Alvarez, de cara as eleccións, di que ogallá estivera isto en funcionamento, que supón que eles o saberán mellor ca él, pero nada que se faga unhas días antes das eleccións vai rentar votos, senón igual todo o contrario, polo tanto non era a intención deles voltar a principiar todo o proceso que se vai a demorar. Efectivamente esas datas que se estiveron describindo dende o 29 de xuño que se licitou, e dende o 3 de setembro que se modificou esa licitación por un informe técnico que dicía que non estaba ben, non foi o Alcalde o que se sacou da manga de volverlo a traer ao Pleno para volvelo a licitar, había un informe técnico que dicía que advertido un erro recomendaba que isto se fixera desta maneira, e fíxose eso, e despois en vista dos informes técnicos, de cando lle foron chegando,

vieron que non era para menos, porque non era posible poder ter certificados en parte un 30% antes do 30 de decembro, polo tanto, en vista de que igual se fora en outro momento histórico, igual se facía, e non habería problema, pero aquí en donde se lles monta por menos de nada “unha pirula tremenda”, porque de hoxe para mañá se certifican cousas para non perder, aínda que estean a medio facer, que se acopie en material ou se presente aval.

Prosegue o Sr. Alcalde manifestando que parece ser que agora non está permitido e quixeron curarse en saúde, e previr o cambio de anualidade, e insiste que igual se fora noutro momento histórico, dous anos atrás e de ahí hacia atrás sempre que se quixera non habería ningún problema, multitude de subvencións se remataron nunha data e se certificaban igual, igual non correctamente, pero calquera Alcalde que estivera de dous anos para atrás, sabe que o fixo con toda a boa vontade para non perder diñeiro, e como eles tampouco querían perder diñeiro, pero non querían facer iso, foi polo que solicitaron o cambio de anualidade, que días despois o Ministerio llo concedeu finalmente.

Sinala asimesmo o Sr. Alcalde que polo tanto, por ahí, deberían volver a licitar, pero como no transcurso da licitación se advertiu que había erros, mellor que mellor, ordearon ao Arquitecto Municipal que os tivera en conta a hora de volver a redactar o novo proxecto e espera que non teña ningún erro, ou se o chega a ter que sexa un erro mínimo, pero tampouco é un técnico para avaliar o que fai un técnico.

Tamén o Sr. Alcalde prosegue dicindo que quen redacta o proxecto é o Arquitecto, quen o asina é o Arquitecto, quen propón a clasificación é o Arquitecto, e en todo caso, como o Arquitecto tamén facía constar na Comisión Informativa o outro día, e que aquí non está hoxe para poder replicar iso, insiste en que hai partes que se sacan do anterior, por exemplo a parte eléctrica, e polo tanto hai clasificacións que xa non son así, e cre que xa xustificou convenientemente o outro día todos os motivos desgranando polo que facía os cambios, e que o Alcalde en principio non ten porqué dudar de ese razonamento técnico, e polo tanto limitase a asumir os condicionamentos técnicos que se están dando nisto, só quere que veña a mellor empresa que mellor o faga, e se o apuran un pouco máis, se pode ser da comarca ou da zona, mellor, pero senón que espera que non sexa óbice para que sexa a mellor empresa de todas para que faiga a mellor obra, ou a máis grande posible para poder facer máis tramos, que non ten ningún inconvinte para iso, e que traballaran con todo o corpo técnico para que cumpran o que prometen nos papeis, porque logo sucede que aparecen empresas moi boas que fan unhas ofertas magníficas pero queda todo como queda, pero tamén é responsabilidade dos técnicos mirar iso, pero moitas veces o que se pon nos papeis non é o que se fai, e así teñen rúas que se estiveron amañando nos últimos anos, para poder velas. Por último di que se lles parece, no último caso, pasan a votación.

O Sr. Rivas Álvarez di que lle fixo antes unha pregunta, se o Concello dispoñía dos terreos para executar a obra e non lle contestou, e non sabe se é que non dispón deles.

O Sr. Alcalde di que non sabe a que se refire, senón o aclara.

O Sr. Rivas Alvarez di que se hai que facer beirarrúas que haberá que expropiar.

O Sr. Alcalde di que descoñece ese extremo tan concreto, cree que cando a Demarcación de Estradas do Estado lles entrega os viarios, tamén lles entrega unha serie de afeccións, é dicir, é

como se o fixera a propia Demarcación de Estradas do Estado que era a titular, e que lles entregou o “paquete” enteiro.

O Sr. Alcalde manifesta que o punto catro está intimamente ligado igual que a documentación do mesmo con este acordo.

Previa a deliberación antecedente ,vista a proposta da Mesa de Contratación do Concello de data 28 de decembro de 2009 e con motivación na mesma, de conformidade co art.89.5 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,que se engadirá como anexo á notificación do acordo, e visto que polo Técnico Municipal se ten redactado un novo proxecto incluíndo a subsanación dos extremos omitidos e efectuando a modificación do mesmo do xeito procedente, e que se somete a aprobación nesta mesma sesión, polo Pleno Municipal por oito votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos Municipais de PSOE e UPRI) acordase:

1º.- Deixar sen efecto a licitación efectuada, a tenor tanto da necesidade de completar o proxecto que se licite, como de axustarse ás anualidades comunicadas o día 23 de decembro polo Ministerio de Fomento.

2º.- Iniciar unha nova licitación axustada ás anualidades fixadas procedéndose a unha revisión do proxecto e manténdose o mesmo prego de condicións agás nos extremos en que como consecuencia do reaxuste presupuestario ou da modificación do proxecto, sexa procedente.

Deberáanse recoller expresamente os importes máximos a certificar nas anualidades 2010 e 2011.

3º.-Facultar á Alcaldía para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan precisos para o bó fin do acordo adoptado

**2010/04/04.- ACORDOS DE APROBACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO E DE NOVA LICITACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DOS TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO CUXA TITULARIDADE FOI TRANSFERIDA AO CONCELLO”, DE CONFORMIDADE COAS NOVAS ANUALIDADES COMUNICADAS POLO MINISTERIO DE FOMENTO.**

Dase conta de que figura no expediente o dictame que se transcribe de seguido:

“Dándose por reproducido o debate toda vez que se celebrou conxuntamente o deste punto co anterior por tratarse do mesmo contrato, de seguido pásase a votación o asunto acordándose ditaminar favorablemente para o Pleno Municipal, por 4 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais BNG e PP) e tres abstencións (dos membros dos Grupos municipais de PSOE e UPRI), da adopción polo Pleno municipal dos acordos seguintes:



Visto que comprende realizar a contratación das obras consistentes en MELLORA DOS TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO DE TITULARIDADE TRANSFERIDA O CONCELLO, debido a sinatura do convenio correspondente co Ministerio de Fomento. Aprobado o proxecto de Obras correspondente, efectuada a reformulación e existindo a dispoñibilidade dos terreos, por ter sido cedidos ó Concello polo Ministerio de Fomento incorporábase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra considérase como procedemento máis adecuado o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa varios criterios de adxudicación.

Visto que se emitiu informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre os outros extremos que se conteñen no mesmo.

Visto que se emitiu Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é o Pleno porque o importe do contrato ascende a 884.456,37 euros máis 141.513,02, de IVE, o que totaliza un presuposto de contrata de 1.025.969,39 euros e polo tanto e supera o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento deste Concello.

Visto que con data 17 de decembro de 2009 a Dirección Xeral de Estradas do Mº de Fomento previo informe da Intervención delegada da Admón. do Estado no Ministerio de data 15.12.2009 resolveu a aprobación do reaxuste de anualidades nas aportacións do Ministerio de Fomento previstas no Convenio asinado conforme á seguinte distribución:

Ano 2010.....718.178,57 euros.

Ano 2011.....307.790,82 euros.

De conformidade co establecido no artigo 93 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

#### PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

**PRIMEIRO.** A exposición ao público do proxecto do xeito legalmente previsto.

**SEGUNDO.** Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras consistentes en mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado cuxa titularidade foi transferida ao Concello, aprobando o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación para a obra epigrafiada convocando a súa licitación.

Visto que con data 19 de xuño de 2008 asinouse un Convenio entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Ribadeo para o financiamento do proxecto de obras de Mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado no termo municipal de Ribadeo e transferencia de titularidade dos mesmos, polo que se acetou a transferencia de titularidade dos seguintes tramos de estrada:

CN-634 pk. 553,630 ao pk. 555,386, con 1.756 ml.

CN-634 A. Do pk. 554,300 ao pk. 554.700, con 400 ml.

CN-634A Do pk. 561,446 ao pk.561,660 con 236 ml.

CN-642 A, Do pk. 8,237 ao pk. 10,500 con 2.263 ml.

Segundo o referido convenio para a reforma e adecuación da vía obxecto de cesión se comprometeu o Ministerio de Fomento ao financiamento da cantidade de 1.025.969,39 euros para a materialización de dito proxecto transferindo o importe do investimento ao Concello por obra executada e coas anualidades seguintes:

Ano 2010.....718.178,57 euros.

Ano 2011.....307.790,82 euros.

A contratación efectuarase por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, propoñéndose melloras polos licitadores respecto ao principal da obra e a executar na mesma.

**TERCEIRO.** Que se aprobe o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que ha de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación, segundo a proposta da Alcaldía que se achega.

**CUARTO.** Autorizar en contía de 1.025.969,39 euros o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo aos presupostos dos exercicios 2010 e 2011, conforme ao Convenio asinado co Ministerio de Fomento e co reajuste de anualidades resolto pola Dirección Xeral de Estradas con data 17.12.2009.-

**QUINTO.** Que pola Sra. Interventora municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**SEXTO.** A publicación no BOP de Lugo e no perfil do contrante do anuncio de licitación, para que durante o prazo de 26 días poidan presentarse as proposicións que se estimen pertinentes.

**SETIMO.** Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, sen prexuíz de que sexa o Pleno Municipal quen acorde a adxudicación definitiva procedente do contrato.”

O Sr. Alcalde manifesta que é a documentación a que se referiron antes, é que se lles parece que pasan directamente á votación.

Preguntase por Secretaría se fai falta que se les a proposta de acordo e o ditame, e se manifesta polos Sres.portavoces que non.

De seguido pásase a votación e por 8 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP), ningún en contra e 5 abstencións (dos membros dos grupos municipais do PSOE e UPRI), acordase:

**PRIMEIRO.** A exposición ao público do proxecto do xeito legalmente previsto.

**SEGUNDO.** Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras consistentes en mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado cuxa titularidade foi transferida ao Concello, aprobando o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta

económicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación para a obra epigrafiada convocando a súa licitación.

Visto que con data 19 de xuño de 2008 asinouse un Convenio entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Ribadeo para o financiamento do proxecto de obras de Mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado no termo municipal de Ribadeo e transferencia de titularidade dos mesmos, polo que se acetou a transferencia de titularidade dos seguintes tramos de estrada:

CN-634 pk. 553,630 ao pk. 555,386, con 1.756 ml.

CN-634 A. Do pk. 554,300 ao pk. 554.700, con 400 ml.

CN-634A Do pk. 561,446 ao pk.561,660 con 236 ml.

CN-642 A, Do pk. 8,237 ao pk. 10,500 con 2.263 ml.

Segundo o referido convenio para a reforma e adecuación da vía obxecto de cesión se comprometeu o Ministerio de Fomento ao financiamento da cantidade de 1.025.969,39 euros para a materialización de dito proxecto transferindo o importe do investimento ao Concello por obra executada e coas anualidades seguintes:

Ano 2010.....718.178,57 euros.

Ano 2011.....307.790,82 euros.

A contratación efectuarase por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, propoñéndose melloras polos licitadores respecto ao principal da obra e a executar na mesma.

**TERCEIRO.** Que se aprrobe o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que ha de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación, segundo a proposta da Alcaldía que se achega.

**CUARTO.** Autorizar en contía de 1.025.969,39 euros o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo aos presupostos dos exercicios 2010 e 2011, conforme ao Convenio asinado co Ministerio de Fomento e co reaxuste de anualidades resolto pola Dirección Xeral de Estradas con data 17.12.2009.-

**QUINTO.** Que pola Sra. Interventora municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**SEXTO.** A publicación no BOP de Lugo e no perfil do contrante do anuncio de licitación, para que durante o prazo de 26 días poidan presentarse as proposicións que se estimen pertinentes.

**SÉTIMO.** Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, sen prexuíz de que sexa o Pleno Municipal quen acorde a adxudicación definitiva procedente do contrato.”

**2010/05/05.-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NUM. 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE CEMITERIOS MUNICIPAIS, CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES DE CARACTER LOCAL.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas de 14 de xaneiro de 2010 obrante no expediente , que se transcribe de seguido:

“Iniciase deliberación dándose conta polo Sr.Alcalde de toda a tramitación que se leva efectuado en anteriores Comisións Informativas resumindo a deliberación e reiterando o seu punto de vista xa expresado noutras reunións de que considera que o terreo do Cemiterio de Ribadeo, é finito e limitado e non hai previsións de crecemento e que o seu Grupo considera que en relación a redacción definitiva , valora as diferentes opcións que se plantexa cos seus pros e contras e resume sinalando que prefiren un criterio canto mais restrictivo mellor, e que ese é o punto de vista do BNG, e que todo isto ven porque xa hai unhas listas de espera que coa primeira remesa xa se cubrirían os nichos, e que vendo a orixe dos solicitantes habería moitos que non son de Ribadeo.

O Sr.López Pérez, do PSOE, manifesta que no que atinxe á Ordenanza hai dous aspectos, o da literalidade da mesma e a parte de carácter fiscal; que se chegou a un acordo na parte da literalidade agás no que se refire á redacción do artigo 2 e que a posición do Grupo Socialista é que se adopte a redacción do apartado b) pero que hai que aumentalo a dous anos na antigüidade de empadroamento que se esixa.

No que se refire á parte propiamente fiscal da Ordenanza considera o seu Grupo que hai que miralo polo miúdo, que se reservan para o Pleno e que contempla subidas entre o 20 e o 25%.

O Sr.Duarte Díaz,do Grupo Municipal Popular, pola súa parte manifesta que respecto á parte literal non lle parece mal e que se amplíe eses dous anos para o empadroamento e que respecto á parte propiamente fiscal hai que miralo con detenemento, polas circunstancias económicas actuais, e que o seu Grupo sobre ese aspecto se reserva para o Pleno.

O Grupo municipal de UPRI representado polo Sr.Reymondez Gancedo manifesta que están de acordo co sinalado polo Sr.López Pérez e que respecto ao tema fiscal se reserva para o Pleno.

Entáblase de seguido unha deliberación sobre a parte fiscal da Ordenanza explicando o Sr.Alcalde que ten un alcance reducido e que a contía é moi inferior á doutras localidades das mesmas características, sendo ridícula para os panteóns, e que se o incremento parte dunha cantidade ínfima non resulta desproporcionado.

O Sr.Alcalde manifesta a súa preocupación pola aplicación que poida derivarse da redacción do artigo 2 b) que se está a propoñer en relación coas medidas de proba.

Deliberase a continuación entre o Sr.Alcalde e o Sr.López Pérez, que pon o exemplo do que sucedeu con D.Leopoldo Calvo Sotelo que sería un caso de aplicación, e sobre o organo municipal que debería adopta-la decisión concluíndose tras da mesma e con intervención dos membros doutros Grupos que se inclúa na redacción do artigo 2 b) que sexa a Xunta de Goberno Local.

O Sr.Alcalde manifesta que despois de dúas remesas de nichos vanse reunir e van a ver o que sucede.

Deliberase a continuación sobre o número de nichos que se construíron nos anteriores mandatos e sobre a demanda efectiva de nichos.

Por parte do Sr.Alcalde se reitera que hai pouco espazo e o Sr.López Pérez pola súa parte manifesta que tampouco vai haber tanta demanda e por parte do Sr.Reymondez Gancedo se fai referencia a que cada vez existen mais incineracións.

Toda vez que así é a vontade da Comisión Informativa pásase a votación o ditame da Ordenanza de xeito separado no que atinxe aos artigos que teñen un contido puramente económico e os de carácter organizativo do servizo, acordándose ditaminar para o Pleno municipal :

1º Por unanimidade ditamínase para a súa aprobación o texto da Ordenanza do seguinte xeito (todolos artigos agás o artigo 5º correspondente á cota tributaria).

#### *ORDENANZA FISCAL NUMERO T14*

*Taxa pola prestación do servizo de Cemiterios Municipais,  
condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local.*

#### **Artigo 1º Concepto e fundamento legal**

*De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1B), ambos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que refunde a Lei reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa por prestación do servizo de Cemiterios Municipais, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local, que se rexirá pola presente Ordenanza.*

#### **Artigo 2º. Feito imponible.**

*Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos establecidos nos cemiterios municipais de Ove e Ribadeo, tales como a cesión de terreos a perpetuidade, cesión a perpetuidade de sepulturas preferentes, colocación e inscrición de lápidas, apertura de sepulturas e nichos, conservación de ditos elementos ou espazos e calquera outro que se autorice conforme á normativa aplicable, así como a condución de cadáveres e traslado de restos, enterramentos e outros servizos fúnebres de carácter local.*

*Para a concesión de sepulturas, nichos e calquera outro ben funerario será necesario acreditar arraigo suficiente no Concello de Ribadeo. Se considerará arraigo suficiente o empadramento no municipio con dous anos de antiguidade, ou ter estado empadroado no mesmo, a lo menos, cinco anos.*

*Nembargantes admitiranse outros medios de acreditación documental do arraigo ou vencello co termo municipal, que deberán ser propostos polo solicitante e aceptados polo Concello, que fagan fe do arraigo ou vencello referidos con Ribadeo, e das circunstancias obxectivas de carácter excepcional que motiven o non empadramento.*

*Considerarase xustificado o arraigo para os nacidos en Ribadeo que manteñan vencellos co seu termo municipal de orixe, ou que de non selo, manteñan “casa aberta “ no termo municipal, como residencia temporal ou estacional.*

*Os acordos de concesión serán adoptados pola Xunta de Goberno Local.*

### **Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.**

*1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, os da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida, **e no seu caso os titulares de dereitos recoñecidos na Ordenanza***

*2. Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:*

*a) Solidariamente as persoas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.*

*b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.*

*3.-**Cambios de titularidade.**-Cando se produza un cambio de titularidade que poña de manifesto a existencia de anteriores transmisións que non foron obxecto de autorización e pago de dereitos, aboarase a cantidade íntegra que resulte da liquidación de todas as transferencias anteriores de acordo coas tarifas establecidas pola Ordenanza actualmente vixente.*

### **Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.**

*De conformidade co previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación fin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecida nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei, e os seguintes servizos:*

*a) Inhumacións que ordene a autoridade xudicial e se efectúen en fosa común.*

*b) Enterramento de cadáveres de pobres de solemnidade. **Para ter exención subxectiva deberá acreditarse mediante informe do Traballador Social do Concello.***

*c) Enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia , sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.”*

*(.../...)*

### **Artigo 6º. Dereito á percepción da taxa.**

*Terase dereito á percepción da taxa e nace a obriga de contribuir no momento no que se soliciten e sexan entregados as respectivas licencias ou títulos.*

### **Artigo 7º. Normas de xestión.**

*A débeda tributaria derivada da taxa esixirase en réxime de Liquidación polo Concello, que deberá ser aboada dentro dos prazos de ingreso para tal tipo de liquidacións tributarias polo artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria.*

*Establécese a preferencia na concesión cu icencia dos solicitantes que teñan unha antigüidade mínima de dous anos inscritos no padrón de habitantes de Ribadeo.*

*Artigo 8º. Obrigas e responsabilidades do usuario do servizo.*

*1. Toda construción e modificación de panteóns, nichos e sepulturas en xeral, polo que afecta a súa estrutura e condicións sanitarias queda sometida á previa autorización do Concello.*

*2. A adquisición de terreos para a construción dun panteón, nicho cu sepultura non significa venda nin outra cousa que o dereito á inhumación naqueles do cadaver do adquirente e dos seus familiares e a obriga por parte do Concello de respecta-la permanencia de ditos cadáveres nas sepulturas que se inhumen; en consecuencia toda sepultura perpetua desocupada pola vontade dos seus familiares por máis de 10 anos, así como as temporais que se desocupen antes ou despois do vencemento da obriga, volverán de pleno dominio ó Concello.*

*3. En ningún caso e o dereito que se transfire poderá ser obxecto de comercio, toda vez que a concesión do terreo non causa renda, se ben recoñeceranse as transmisións testamentarias por herdanza ou legado.*

## **Art.9.-Das obrigas e responsabilidades xerais e da vixilancia e conservación dos bens funerarios**

**1.-Desatención de elementos ou bens funerarios.-**En caso de desatención das sepulturas de calquera clase , por parte de quen ostente a súa titularidade que cause un estado de ruína ou abandono, que produza perigos ou desmereza o necesario ornato e aspectos do lugar, o Concello poderá proceder á demolición ou á retirada de cantos obxectos se encontren deteriorados ou en mal estado sen que poida esixírselle resarcemento ou indemnización algunha en tal concepto.

**2.Do abandono ou ruina de elementos ou bens funerarios.-** Cando existans epulturas e elementos en estado de cuasi-abandono ou ruina, de s regularse a declaración de caducidade da concesión revertindo á Entidade Local a plena dispoñibilidade dunha sepultura ou nicho, nos seguintes casos:

### **2.1º.Por estado ruinoso da construción.**

**2.2º.Por abandono da sepultura.-** Considerase producido o abandono cando transcurran 10 anos dende a última inhumación realizada e se produza a situación de abandono da sepultura por desatención dos deberes de conservación e mantemento da mesma . A declaración de caducidade requirirá a incoación dun expediente administrativo no que se dará audiencia ao que apareza como titular do dereito. No caso de non ser coñecido o seu domicilio,publicarase o correspondente edicto no BOP outorgando un prazo de 30 días para efectua-la comparecencia e efectuar a reparación que proceda, ben pola situación de abandono de sepultura ou o estado ruinoso da construción.

Se o motivo do expediente era o mal estado de conservación da tumba a comparecencia suspenderá a tramitación do expediente ata que transcurra o prazo que se poida conceder para a execución das obras que procedan.

Unha vez transcurrido dito prazo sen que as mesmas se houberan realizado se declarará a caducidade do dereito mediante resolución da Xunta de Goberno Local.

Declarada a caducidade de acordo co establecido na Ordenanza o Concello poderá dispoñer da sepultura ou elemento funerario unha vez que trasladara os restos ao osario.

#### **Artigo 10. Infraccións e defraudacións.**

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase disposto no Título IV da lei Xeral Tributaria, e iso sen prexuízo das que conforme a lexislación urbanística se poidan esixir.*

**Disposición transitoria.-Os efectos da aplicación do sinalado no art...establecese un período transitorio que comenza coa entrada en vigor desta Ordenanza e que afecta as sepulturas que nesta data se atopan abandonadas, nas que non se houbera efectuado enterramentos dende fai 15 anos, para os casos referidos en que se atopen nun estado de deterioro grave á entrada en vigor da Ordenanza, podendose nestes casos, iniciar xa o procedemento de caducidade.**

*Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.*

*A presente Ordenanza entrará en vigor 6 día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.*

- Por dous votos a favor ( dos membros do Grupo Municipal do BNG) e cinco abstencións ( dos membros dos Grupos Municipais de PP, PSOE e UPRI) ditamínase igualmente favorablemente o artigo 5º da Ordenanza co seguinte tenor literal:

*Artigo 5º. Cota tributaria.*

*A cota tributaria da taxa estará constituída polas seguintes cantidades fixas:*

#### **A)CESIÓN DE TERREOS A PERPETUIDADE**

*Terreos para panteons especiais .....600,00 Euros.*

*Terreos para panteón de 1ª.....396,00 Euros.*

*Terreos para panteón de 2ª.....265,32 Euros.*

*Terreos para panteón de 3ª.....199,00 Euros.*

*Terreos para construción de nichos de acordo co plano e medidas que se fixan*

*con fronte á entrada do cemiterio .....199,00 Euros.*



O mesmo terreo co mesmo fin, dando fronte á muralla de cerramento ...131,34 Euros. Terreos para a construción de sepultura preferente no lugar que determina o plano para as desta clase..... 86,68 Euros.

Terreos para construción de sepulturas de terra no lugar que determina o Plano.....26,00 Euros.

#### U) CESIÓN A PERPETUIDADE DE SEPULTURAS PREFERENTES

Sepultura preferente de 2 ocos..... 174,00 Euros.

Sepultura preferente dun solo oco .....104,40 Euros.

Cesión de sepultura preferente dun oco por cinco anos..... 35,00 Euros.

Cesión de nichos de 3 ocos (con osario) de nova construción.....1.450,00 Euros.

Cada cesión dun oco supletorio..... 25% máis.

#### O) ENTERRAMENTOS.

Inhumación de cadáveres ou restos do concesionario, os seus familiares ata o 40 grao de consanguinidade, cónxuxes e criados:

a) En panteón especial..... 97,03 Euros.

b) En panteón de primeira..... 81,51 Euros.

c) En panteón de segunda .....62,09 Euros.

d) En panteón de terceira..... 50,47 Euros.

e) En nicho .....23,30 Euros.

f) En sepultura preferente..... 19,44 Euros.

g) En sepultura de terra..... 11,65 Euros.

#### D) CONSTRUCCIONS:

Licencias para construción dun panteón especial .....116,54 Euros.

Licencias para construción dun panteón de primeira .....71,90 Euros.

Licencias para construción dun panteón de segunda .....49,95 Euros.

Licencias para construción dun panteón de terceira .....38,72 Euros.

Licencias para construción dun nicho con osario .....37,83 Euros.

Licencias para construción dun nicho sen osario .....30,30 Euros

Licencias para construción de sepultura preferente..... 26,49 Euros.

Licencias para construción de sepultura de terra .....6,79 Euros

#### E) TRASLADO DE RESTOS.

O traslado dun lugar a outro do cemiterio satisfará o 50 % dos sinalados para a súa clase.

#### F) TRANSMISIONS:

As transmisións que autorice o Concello satisfarán o 40 por 100 das sinaladas nesta tarifa para as da súa clase. Estas transmisións só as poderá realiza-lo concesionario.”

De seguido iníciase deliberación no Pleno Municipal, intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez , de UPRI, que pregunta se van a votar por separado ata o artigo 4 inclusive e o artigo 5º ou se vai votar todo en conxunto.

O Sr. Secretario contesta que o seu criterio é que como se trata dunha ordenanza completa entende que teñen que votala conxuntamente, aprobando un texto que sexa vixente no seu conxunto e que se trata dun tema regulamentario.

O Sr. Rivas Alvarez, dalle as grazas ao Sr. Secretario, e de seguido comeza a súa exposición dicindo que aínda que están de acordo coa literatura e a parte dispositiva desta ordenanza e coa primeira parte inclusive, tratase a súa vez de modificar os prezos a través dunha ordenanza fiscal, a partir do artigo quinto e o seu grupo pensa que agora non é o momento para modificar prezos, sobre todo para subilos. Cree que non é o momento máis apropiado para elo, sobre todo tendo en conta a crise económica que están a atravesar tanto os ribadenses como o resto do país, e aínda así, de feito están de acordo na primeira parte da mesma, e polo momento non ten nada máis ten que dicir.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, di que o seu grupo coincide co que xa manifestaron nas diferentes comisións, non xa na primeira, na que fixeron a aportación de que eles entendían que a opción sobre a redacción sobre a literalidade do texto era a proposta que se facía do artigo 2, aumentando a dous anos a antigüidade no empadronamento, pero que resultalles tamén un pouco fora de lugar o incremento do que é a fiscalidade, entón eles en parte propuxeron o texto da parte primeira da taxa, pero tampouco ven moi acertada a fiscalidade que se propón.

O Sr. Duarte Díaz, do Grupo Municipal Popular, manifesta que o seu grupo lles gustaría aprobar a literalidade da proposta, porque creen que efectivamente hai que avanzar, que non hai que retroceder, e que está de acordo en que o momento non é o oportuno, pero como non se pode votar por separado, o seu grupo, dende logo, claramente non queren que se suba ningún imposto municipal. A situación economicamente saben cal é, claro é que os Concelleiros fai moito tempo que non cobran as dietas, pero di que él non vive das dietas, que non lle fan falta para nada, pero quere dicir que iso é un sinal de que a cousa está mal, no Concello de Ribadeo as dietas de Plenos e Comisións sempre se pagaron pero quere volver a cuestión que é o importante, e di que él pensa que as familias para chegar a final de mes, moitas teñen que rascarse e ben rascados os bolsillos, polo tanto él o sinte na alma, pero o seu grupo non vai a aprobar ningunha subida de impostos que derive de taxas ou impostos municipais, e como isto deriva dun incremento de impostos, o seu grupo non o vai aprobar.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, di que queren insistir un pouco neso xa que realmente a subida no que é o apartado B) , de cesión a perpetuidade de sepulturas que é o que normalmente fai calquera familia ribadense, a cesión de nichos de tres ocas con osario de nova construción pasa de 1.101€ a 1.450€, polo que o seu grupo non van apoiar a subida desta taxa.

O Sr. Alcalde manifesta que “isto é moito” e preguntalle aos Sres. Concelleiros, dí que lles quere facer unha pregunta, que é que se o de que están dicindo que non, e que van a votar que non, ou que se van abster, para que asuman o Grupo do BNG, coa responsabilidade do tema.

O Sr. Pérez Vacas dille que que cando pida él que voten, que votarán.

O Sr. Duarte Díaz aclara que quedou moi claro que os que iban a votar que non eran os do Grupo Municipal Popular.

Pregunta o Sr. Alcalde se o seu grupo, en referencia ao Grupo Municipal Socialista, vai a votar que non.

O Sr. Rodríguez Andina di que o Grupo Municipal Popular non se esconde.

O Sr. Duarte Díaz dille que eles non andan con medias tintas.

Toda vez que o público presente na Sala aplaude vivamente a última intervención efectuada polo Grupo Municipal Popular, o Sr. Alcalde prégalle o público presente na Sala de Sesións que se manteña en silencio igual que se fai sempre.

O Sr. Alcalde di que eiquí non hai moito de que falar ou sí, xa que resulta que o seu Grupo actuou dende o principio, parecelles un despropósito que un cemiterio municipal moi bonito pero bastante compactado, respecto ao que entendían que hai moitísimos anos que non se actuaba, e que reiteradas veces o enterrador municipal ten referido a esa problemática, e visto inicialmente de licitar unha serie de nichos a verdade é que lle provocou unha circunstancia de preocupación ver como había unha lista de espera importante donde hai moita xente que é de fora e preocúpalle moi pouco o que custan tres nichos e un osario en concesión por noventa e nove anos.

Prosegue manifestando que cre que ningunha parroquia nin ningún Concello poida ter un cemiterio relixioso, con esos prezos, ou que cando se fan remesas ( de nichos) poida custar iso, e cre que as cousas deben ter un valor, un prezo e dende logo, o Grupo do BNG non queren gañar diñeiro coa morte, o que pasa e que as taxas como sempre lles indica a Interventora ou Interventor en cada caso, indica que deben tender a cubrir o servizo, e desde logo todos os servizos como os mediales, como os imputables ó cemiterio, como os de directa repercusión a través do enterrador, as taxas que se cobran habitualmente son ridículas e non cubren ese servizo.

Manifesta asimesmo que intentaron un consenso, trouxeron o Pleno e a Comisións diferentes, cree que en tres ocasións, e buscaron un consenso, e agora resulta que eles buscan un consenso, eran máis favorables para de algunha maneira, e quere decilo en alto, para beneficiar ós de Ribadeo, sabendo e querendo como queren tamén a toda esa xente que se foi, pero primeiro deben ter preferencia os de Ribadeo e aceptaron unha proposta que lle parece demasiado "*light*" e lle parece que vai a ser unha "coladeira", para moitas persoas de fora se isto se aproba, moitos de Ribadeo que se foron de Ribadeo, pero marcharon lamentablemente, cree que algo "*light*", reitera, e que debería ser máis beneficioso para os que viven aquí, pero en todo caso, asumen iso, entenden que a ordenanza ten aspectos positivos porque a partir de agora, formalmente se isto se aprobase ou se aproba, poderá a Administración proceder a recuperación de nichos ou tumbas que estean en estado de abandono durante un número de anos, e despois con todo isto da cuestión dos prezos, se levantan, e se preocupan porque os nichos son un 25% mais caros , e di que o que ten diñeiro para pagar un nicho, e corrixe, di un panteón, non é relevante.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, lle contesta que o cambio é de 1.103 euros a 1.450 euros e que non é un panteón, que son dous.

Prosegue o Sr. Alcalde indicando que cre que era donde máis se subía, que era un 25%, e a él non lle da pena ningunha nin aínda que se subira o 400%, xa que o que ten diñeiro para pagar un panteón debería ter diñeiro para aceptar unha subida que intente cubrir o gasto segundo a ordenanza, e segundo a Lei de Bases de Réxime Local, en canto a que as taxas deben cubrir o importe do custo do servizo, e dende logo partir dunha base extremadamente baixa, por unha concesión a noventa e nove anos, por tres nichos e un osario, e pensar que é un incremento moi notable, dende logo él di que discrepa.

Prosegue manifestando que o seu Grupo iniciou isto con absoluta responsabilidade, queren que a xente de Ribadeo teña onde enterrarse, que encontre un lugar, pero que hai un principio de oferta e demanda, e dende logo parecelle que o sitio cada vez é menor, en todos os documentos que están redactando para o ordenamento municipal non hai previsión nin a curto nin medio prazo dun novo cemiterio, e a cuestión de andar removendo donde hai restos é complexa, e ben o saben os que ó antecederon no cargo, e polo tanto tratase dunha maneira, sen meterse con ninguén, de intentar racionalizar o pouco espazo que queda, pero o Pleno decidirá.

O Sr. Rivas Alvarez, manifesta de novo que si se podera aprobar por separado ou se hai acordo nesa primeira parte, pero na outra parte, como se expresaron xa na súa exposición de motivos, non están de acordo e non teñen solución xa que non se pode facer de outra forma.

Preguntalles o Sr. Alcalde os Concelleiros se queren preguntar algo máis ou se o somete a votación.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, di que sí quere engadir algo máis, que por non poñer exemplos pode poñer o contrario, e dicir, ocupan os panteóns especiais como o de “os ricos”, entón eles poñenlles a sepultura en terra que é “a dos pobres”, pero resulta que isto que é que quen pode pagar 480 pode pagar 600.

O Sr. Alcalde di que “o dos pobres” é o dos nichos, non a sepultura.

O Sr. Rodríguez Andina dille que si, xa que se lles dí que o de 21€ pasalle a 86€, e dicir, subelle un 300%.

Dille o Sr. Alcalde que son concesións por noventa e nove anos.

O Sr. Rodríguez Andina prosegue dicindo que, en referencia ao Sr. Alcalde, que isto non é máis que xogar a demagogia, isto é un exemplo, 480 a 600 para os ricos, e eles poñen o de 21 a 86€ para pobres, e non é ese o tema, senón que neste momento hai que subilo un pouco. Os do Grupo Popular, queren ser coherentes neste sentido porque subir calquera tipo de coste ao cidadán, neste momento, non é a mellor solución, e non quere entrar nestos números porque non ten ningún sentido.

Sometido a votación, obtén 4 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e 9 votos en contra (dos membros dos Grupos Municipais do Partido Popular, PSOE e UPRI), non aprobándose, polo tanto, a modificación proposta da Ordenanza, que se mantén nos propios da hoxe vixente.

## **2010/06/06.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE VERQUIDOS E USO DO SISTEMA PÚBLICO DE SANEAMENTO EN BAIXA.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa, de 14 de xaneiro de 2010, obrante no expediente, que se transcribe de seguido:

“ Dase conta de Proposta ou Borrador de Ordenanza municipal de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa remitido por Augas de Galicia e que o Concello ten a obriga de ter aprobado.

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Alcalde que procede a efectuar unha sucinta explicación da necesidade da Ordenanza, esixida pola Xunta de Galicia.

Por Secretaría se da conta de que a xuízo do funcionario informante, segundo o informe que ten emitido, compre a modificación do artigo 6.1 da proposta de Ordenanza para axustalo á situación de Ribadeo donde serán distintas , a tenor de que a empresa concesionaria do saneamento e a da Estación depuradora serán distintas.

Deliberase sobre o canon de saneamento e o xeito en que vai repercutir sobre os cidadáns de Ribadeo.

Intervén o Sr.Reymondez Gancedo, do Grupo Municipal de UPRI que pregunta respecto a se se vai seguir cobrando aos veciños o concepto de depuración no recibo, repetindo a pregunta formulada. O Sr.Alcalde contesta que todos os veciños de toda Galicia están pagando o canon de saneamento.

O Sr.Alcalde fai igualmente referencia a que anualmente respecto á empresa concesionaria ten que verificarse o equilibrio da concesión, coas consecuencias que sexan procedentes.

O Sr.Reymondez Gancedo pregunta se ao facerse cargo a Xunta de Galicia da depuración a través do canon de saneamento se teñen que seguir pagando.

O Sr.Alcalde contesta que non o sabe e que cando estea en vigor todo isto ao mellor se desequilibra a concesión a favor da empresa que está prestando o servizo ao ter que asumir determinados custos que agora non ten como é o bombeo do saneamento na zona costeira, e que aínda no é o momento dese debare se ben lle parece ben a pregunta.

Pasa a continuación o Sr.Reymondez Gancedo a referirse ao artigo 27 respecto a función inspectora do Concello, deliberándose entre o Sr.Concelleiro e o Sr. Alcalde e pregunta que Organismo vai facela.

Por Secretaría se sinala que non debe definirse na Ordenanza a modalidade de prestación do servizo e que está previsto xenéricamente na Ordenanza.

Formula asimesmo o Sr.Reymondez Gancedo unha dúbida sobre as foxas sépticas dos veciños e plantexa o caso dunha foxa séptica para varias vivendas, que non sabe se se da no Concello e se terían que facer unha ou catro labores de vaciado e que non o pon a Ordenanza.

Deliberase sobre a regulación prevista na Ordenanza dándose conta da mesma.

Por Secretaría se sinala que existen servicios de recepción obligatoria como pode se-lo caso de saneamento e depuración e dase conta do disposto no artigo 10 da Ordenanza e normas concomitantes.

O Sr. Alcalde conclúe que se trata polo tanto dunha medida transitoria, respecto ás foxas sépticas, ata que desaparezan.

Sometido a votación o ditame para o Pleno municipal resulta aprobado por 4 votos a favor (dos membros dos Grupos BNG e PP) e tres abstencións (dos Grupos PSOE e UPRI), manifestando que se reservan para o Pleno, e debendo efectuarse a tramitación legalmente establecida.”

Promovida deliberación, intervén en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, que comeza a súa exposición dicindo que neste apartado, do mesmo xeito que fixeron cando a cesión dos terreos para a construción da nova Depuradora, o seu grupo vaise abster, a vai a facelo polas razóns que xa lle expuxeron naquel Pleno e parécelles que vai intimamente ligada unha con outra, e o seu grupo non está de acordo en como vai a repercutir nos veciños sobre todo o que preguntaba o seu compañeiro, que é o canon de depuración e do saneamento, e vé que o Sr. Alcalde non ten moi claro o que é o equilibrio económico-financieiro, é curioso que sempre que fala del, fala dun equilibrio económico-financieiro, fala dun equilibrio económico-financieiro a favor da empresa, nunca a favor dos veciños, a eles gostaríalles que nesa ordenanza teñan as dúas partes, teña a empresa e teñan os veciños, e se chegue a un equilibrio.

Continúa manifestando o Sr. Rivas Alvarez, que fala do bombeo do saneamento da zona costeira, e o bombeo de saneamento debe de ir cargado loxicamente no que é a rede de sumidoiros, que é ún dos conceptos que ven cargado no recibo de lixo e non no da depuración, se a depuración vai con cargo ao canón de saneamento, haberá que mirar como se elimina ese apartado do recibo. En todo caso, parécelles que unha ordenanza é responsabilidade do goberno, tanto a súa aprobación como velar polo seu cumprimento, que eso é outro cantar. O seu grupo neste caso vaise abster.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, manifesta que o seu grupo ten serias dúbidas sobre o funcionamento, porque cre que non se está falando do que se vai a aprobar, sobre todo polo que figura xa no propio recibo que reciben tódolos veciños con ese cánon de depuración e o de saneamento que figura no recibo de Aquagest; dí que lles da a sensación de que non está moi claro se con este servicio se vaia a duplicar en canto a Xunta se faga cargo da nova EDAR, e que eles cren que é importante a aprobación da ordenanza, enton eles van a absterse, porque entenden que sendo necesaria, suscita unha serie de dúbidas que non se van a poder aclarar hasta que entre en funcionamento a nova EDAR e que se tome a decisión do que considere máis oportuno para o pobo de Ribadeo por parte do goberno municipal.

O Sr. López Penabad, do Grupo Municipal Popular, di que os do seu grupo están de acordo co que acaban de expoñer os seus compañeiros da oposición, en que en algún momento pode haber unha duplicidade nese concepto de depuración, pero non o hai na actualidade, na actualidade están traballando coa depuradora de sempre e entón os costes de depuración teñen que ser os de sempre, e no momento no que a Xunta se faga cargo desa nova depuradora, o

Partido Popular vai a ser o primeiro en esixir que se elimine ese coste para os usuarios, pero nese momento, non agora, polo tanto o Partido Popular vai a votar a favor desta Ordenanza.

O Sr. Alcalde explica que lle parece mentira que estes grupos que tanto leen a documentación, despois non se enteran de nada, xa que estanse anticipando a un futuro e están poñendo o carro antes dos bois. Se está traendo por parte de UPRI exactamente o mesmo argumento que cando se cederon os terreos para a construción da depuradora, o mesmo argumento e o mesmo debate, cando o que non toca e o debate que se está propoñendo, o que toca e aprobar unha ordenanza, un marco de ordenación entre o Concello e os veciños según os criterios que lles esixe a Xunta.

O Sr. Alcalde sinala facendo unha pregunta: ¿Qué porqué lles esixe eses criterios? Porque a Xunta, con cargo ao canon de saneamento que pagan tódolos galegos, donde están incluídos os veciños de Ribadeo, aqueles que teñen consumo de auga municipal, vai a facer unha inversión millonaria en Ribadeo, entón quere que as augas que lle vaian de alí teñan unhas determinados parámetros, eso é do que se trata esta ordenanza, e todo isto que están acompañando e que están decindo de que se está duplicando, que se vai a duplicar é mentira, é falso, e xa o dixeron hai un ano e pico, cando se debatiu a cesión dos terreos a Xunta, e cando expropiou os terreos, e volvelo a dicir agora, que é mentira, é falso rotundamente.

Agora a empresa concesionaria, volvelo a repetir, xa o repetiu naquel Pleno, volveuno a repetir na Comisión Informativa do último día e repítelo agora outra vez, e a ver se agora o poden entender e vai a ser breve. No seu momento, a empresa concesionaria renunciou a petición expresa do Concello de cobrar a taxa de depuración, pero iso vai ser efectivo cando a nova depuradora esteña en funcionamento, e que él saiba a nova depuradora todavía non está nin construída, polo tanto a día de hoxe a empresa concesionaria ten que seguir depurando o que boamente está depurando na estación depuradora de pretratamento, que é a que teñen operativa dende os anos noventa no Concello de Ribadeo.

O día primeiro de que a nova depuradora estea operativa efectivamente eles non poderán incluír o concepto de taxa de depuración nese recibo, eso sí, nese momento terán que reunirse coa empresa adjudicataria de auga, saneamento e depuración, que a partir de ese momento xa non será de depuración para mirar, xa que igual teñen que incrementar o que é o saneamento, vai haber dúas bombas máis, que é o exemplo que puxo o outro día, no tramo de Rinlo a Vilaselán hai dúas impulsións por exemplo, e vai haber que pagar permanentemente dous recibos da luz por un bombeo que vai haber, por poñer un exemplo, nada máis, enton o desequilibrio e a favor do Concello, ou igual é en favor da empresa, que hai que mirarlo, pero cando chegue ese momento, dentro de un ano e pico ou dous, cando a instalación se remate e entre en funcionamento, a partir de ahí se o Concello seguira cobrando esa taxa de depuración, toda a Corporación poderíalle reprochar ao Concello se o estivera cobrando, pero agora fan ese debate, e é como se agora lle din que están moi enfadados por se vostede despois lle cobra o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica o 20% máis caro os veciños, e lle dí que igual eso é acumulación do resultado de dentro de 10 anos, pero que agora o están acusando de algo que non pasou, e non sabe a que ben isto agora, que é unha aprobación dunha ordenanza, e que igual como é unha ordenanza tipo, igual hai algunhos aspectos que non se adaptan moi ben a realidade do noso Concello, por iso é unha aprobación inicial, poderase ter unha discusión, pero este argumento en concreto non ten nin pés nin cabeza.

O Sr. Rivas Alvarez, dille o Sr. Alcalde que a ver si non é que eles sexan malos alumnos, ou é que él é mal profesor, que tamén pode pasar, pero claro, ser bo profesor e unha profesión difícil. Na renuncia de Aquagest e no informe de Secretaría que veu para tratar este asunto, viu este segundo punto e lee textualmente “Garantir a Aquagest na súa cualidade de concesionaria, os ingresos de auga potable, sumidoiros e depuración de augas residuais” e o Alcalde acaba de dicir que renunciou a taxa de depuración, e eiquí dí que se lle garantan eses ingresos de depuración a Aquagest de todo o período concesional e da ampliación do contrato nos termos recollidos no convenio extraxudicial. Eso di o informe de Secretaría que veu para a aprobación do borrador desta ordenanza municipal de vertidos, e polo tanto, volveno a sacar a colación aínda que a él non lle guste, porque lles parece que é un tema importante, que é un tema no que todos están de acordo, o outro día na outra cesión ninguén dixo nada destas cousas, pero agora sacao él, é unha cousa obvia, se non se vai a prestar un servizo non se pode cobrar por él, e como está non incrementa nada, e como está no informe de Secretaría por iso o traen eiquí, non por outra cousa, senón porque figura no informe de Secretaría, e senón pidelle que o lea.

O Sr. Alcalde dille que él non ten vocación de profesor, nin ven o Pleno a darlle clases a ninguén, pero o que é obvio é que a empresa concesionaria renuncia a depuración, pero a día de hoxe a empresa concesionaria segue depurando, xa que non podería estar sen depurar, porque senón o Concello poderíalle recaer unha sanción por parte de Augas de Galicia por mandar a auga residual de todo o mundo directamente ó mar, sin facer o pretratamento que se está facendo, polo tanto é normal que sigan cobrando por ese servizo que a día de hoxe seguen facendo, cando dentro de “X” meses, esa estación-depuradora actual desapareza e con ela a responsabilidade ou a necesidade de que Aquagest, que é a empresa concesionaria deixe de prestar ese servizo, ese servizo non se poderá cobrar, é todo o que lle ten que dicir.

O Sr. Rivas Alvarez dille o Sr. Alcalde que espera que así sexa.

O Sr. Alcalde contestalle que non é que así sexa, senón que así será.

O Sr. Rivas Alvarez explica que él di o que sinala Aquagest, no seu escrito, que se lle garanta durante todo o seu período ese concepto.

Sometido a votación, por 8 votos a favor (Dos Grupos municipais do BNG e do PP) e 5 abstencións ( dos Grupos municipal do PSG-PSOE e de UPRI), acórdase:

- 1º. A aprobación inicial da Ordenanza municipal de verquidos de saneamento en baixa.
- 2º. A exposición ao público polo prazo regulamentario no BOP de Lugo entendéndose definitivamente aprobada de non formularse reclamacións, alegacións ou suxestión fronte á mesma.
- 3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

## **2010/07/07.-LICENCIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e obras de 14 de xaneiro de 2010 sobre as licenzas epigrafiadas, lendose o mesmo, que se transcribe de seguido:



## **1.-EXPEDIENTE DE LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-**

Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia:

### **1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA MARIA DEL CARMEN FERNANDEZ VIDAL PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA EN VILAGOIZ, A DEVESA. RIBADEO.**

Expediente nº 2009/27 tramitado a instancia de dona Maria del Carmen Fernández Vidal para rehabilitación de vivenda unifamiliar illada de plantas baixa e primeira en Vilagoiz, ( A Devesa), Ribadeo, realizada segundo licenza de obras outorgada o 21 de novembro de 2007, expediente número 2007/44.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e apareladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 11 de xaneiro de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

### **2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON FRANCISCO FERNÁNDEZ LÓPEZ PARA VIVENDA UNIFAMIAR EN REQUIANDE, CEDOFEITA.RIBADEO.**

Expediente nº 2009/26 tramitado a instancia de don Francisco Fernández López para vivenda unifamiliar illada de semisoto, planta baixa e primeira, en Requiande-Cedofeita (Ribadeo),segundo licenza de obras outorgada o 16 de decembro de 2002, expediente número 2002/217

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e apareladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 11 de xaneiro de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

### **3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JOSÉ DANIEL GONZÁLEZ SAN MIGUEL PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN AS PENELAS, VILAFRAMIL, RIBADEO.**

Expediente nº 2009/28 tramitado a instancia de don José Daniel González San Miguel, para vivenda unifamiliar illada de soto, planta baixa e planta primeira construída en As Penelas (Vilaframil), Ribadeo, ao abeiro da licenza de obras outorgada con data 2 de decembro de 2002, en expediente número 2002/187, pola Xunta de Goberno Local a favor de don Francisco Javier Torviso Martínez.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 11 de xaneiro de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

### **4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA FÁTIMA MARIA DORADO RODRIGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN BUENOS AIRES, 33. RIBADEO.**

Expediente nº 2009/29 tramitado a instancia de dona Fátima María Dorado Rodríguez para vivenda rehabilitada en Buenos Aires, 33 (Ribadeo) entre medianeiras e que consta de plantas baixa, primeira e baixo-cuberta, realizada ao abeiro da licenza municipal outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2007, expediente número 2006/247.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 11 de xaneiro de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

**5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA CONSUELO JOGLAR RODRIGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN COTARELO, 6, RINLO, RIBADEO.**

Expediente nº 2009/213 tramitado a instancia de dona Consuelo Joglar Rodríguez para vivenda unifamiliar de planta baixa, primeira e baixo-cuberta en rúa Cotarelo (Rinlo) realizada ao abeiro da licenza municipal outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2007, expediente número 2007/37.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 6 de xullo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

De seguido polo Pleno Municipal acórdase en relación a cada un dos expedientes a adopción dos acordos que seguen:

**1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA MARIA DEL CARMEN FERNANDEZ VIDAL PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA EN VILAGOIZ, A DEVESA. RIBADEO.**

Expediente nº 2009/27 tramitado a instancia de dona Maria del Carmen Fernández Vidal para rehabilitación de vivenda unifamiliar illada de plantas baixa e primeira en Vilagoiz, ( A Devesa), Ribadeo, realizada segundo licenza de obras outorgada o 21 de novembro de 2007, expediente número 2007/44.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 11 de xaneiro de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

## **2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON FRANCISCO FERNÁNDEZ LÓPEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN REQUIANDE, CEDOFEITA.RIBADEO.**

Expediente nº 2009/26 tramitado a instancia de don Francisco Fernández López para vivenda unifamiliar illada de semisoto, planta baixa e primeira, en Requiande-Cedofeita (Ribadeo),segundo licenza de obras outorgada o 16 de decembro de 2002, expediente número 2002/217

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 11 de xaneiro de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

## **3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JOSÉ DANIEL GONZÁLEZ SAN MIGUEL PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN AS PENELAS, VILAFRAMIL, RIBADEO.**

Expediente nº 2009/28 tramitado a instancia de don José Daniel González San Miguel, para vivenda unifamiliar illada de soto, planta baixa e planta primeira construída en As Penelas (Vilaframil), Ribadeo, ao abeiro da licenza de obras outorgada con data 2 de decembro de 2002, en expediente número 2002/187, pola Xunta de Goberno Local a favor de don Francisco Javier Torviso Martínez.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 11 de xaneiro de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

#### **4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA FÁTIMA MARIA DORADO RODRIGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN BUENOS AIRES, 33. RIBADEO.**

Expediente nº 2009/29 tramitado a instancia de dona Fátima María Dorado Rodríguez para vivenda rehabilitada en Buenos Aires, 33 (Ribadeo) entre medianeiras e que consta de plantas baixa, primeira e baixo-cuberta, realizada ao abeiro da licenza municipal outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2007, expediente número 2006/247.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 11 de xaneiro de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

#### **5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA CONSUELO JOGLAR RODRIGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN COTARELO, 6, RINLO, RIBADEO.**

Expediente nº 2009/213 tramitado a instancia de dona Consuelo Joglar Rodríguez para vivenda unifamiliar de planta baixa, primeira e baixo-cuberta en rúa Cotarelo (Rinlo) realizada ao abeiro da licenza municipal outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2007, expediente número 2007/37.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e apareladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 6 de xullo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

#### **2010/08/08.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE MODIFICACION DO REGULAMENTO DE REXIME INTERIOR DO HOSPITAL ASILO.-**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Popular que se transcribe de seguido:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA

(PPde G) no Concello de Ribadeo a través do seu concelleiro D José Duarte Díaz en base á lexislación vixente, presenta a seguinte:

**MOCIÓN** que se sustenta na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS -

Detectado un baleiro legal no Regulamento de Rexime Interior do asilo

SOLICITAMOS do pleno unha modificación do Regulamento, que consiste en:

Modificación do Epigrafe de requisitos

Para residentes en Ribadeo ou emigrantes de Ribadeo (Ó estranxeiro ou E outro lugar de España).

Requisitos.

Maior de 65 anos - Ou maior de 60 sendo pensionista

Residente no Concello de Ribadeo, cunha antigüidade de polo menos dous anos de empadramento, ou ter emigrado, tras haber estado empadroado polo menos dous anos durante a súa vida no Concello de Ribadeo

O Sr. Duarte Díaz di que ten un escrito que está rexistrado no rexistro de entrada do Concello o día 13 de xaneiro, e di que a urxencia da súa moción é que creen que hai persoas que se encontran dalgunha forma danadas, no sentido da palabra ou da man, como se queira interpretar. Hai persoas que por un baleiro legal do Regulamento de Réxime Interior do Asilo parece ser que unha persoa que non estea dous anos empadroadada, non ten opción a unha praza no asilo e plantexa o problema de algunhas persoas que tiveron que saír de Ribadeo a traballar ó resto de España e ó estranxeiro, e que loxicamente se agora regresan e teñen necesidade de pedir unha praza no asilo, resulta que non poden porque non teñen dous anos de empadramento, e pide que se modifiquen os requisitos.

Explica que basa a urxencia en que saben de varias persoas que se encontran nesa situación, entonces os requisitos que eles poñen son: os maiores de 65 anos ou maiores de 60 sendo pensionistas, residentes no Concello de Ribadeo, cunha antigüidade de polo menos dous anos no empadramento, ou ter emigrado, tras ter estado empadroado polo menos dous anos durante a súa vida no Concello de Ribadeo, él pensa que se entende ben, que esas persoas marcharon de Ribadeo, deixaron de estar empadroadas pero estiveron moitos anos empadroadas en Ribadeo, entonces senón se lles da está opción, esas persoas cando haxa unha praza libre, que non é como os que veñen do estranxeiro ou do resto de España, hai que metelas, non é iso, que se siga o curso de prazas libres, pero polo menos que teñan as mesmas posibilidades que os que levan dous anos empadroados en Ribadeo.

Espera que a Corporación a tome en consideración e que se aprobe.

O Sr. Alcalde explica que esa moción que el viu no rexistro hai moi poucos días, non teñen ningún problema en tratala, debatila e aprobala, pero como é unha cuestión delicada, él non a quixo meter porque xa estaban convocadas as Comisións Informativas. Entende que isto era máis propio de debatir no seno dunha Comisión Informativa, porque entrou en detalle co Asistente Social e a hora de abordar isto non lle deu tempo nin a falalo con Secretaría e entende que unha modificación desta ordenanza debe vir acompañada de unha serie de requisitos técnicos, que os podían obviar, é de feito está non é mais que unha aprobación inicial, pero o ser unha modificación, hai que expoñela polo prazo dun mes, e aínda que no fondo poidan estar de acordo, porque hai un certo baleiro na ordenanza que se aprobou hai pouco tempo, e volvese os criterios que si que chegaran a un acordo da que se aprobou do cemiterio, porque aínda que isto se poida recoller, esta xente de fora, cree que deben ter unha prioridade sobre os que son de aquí, porque senón van competir con unha cantidade dos veciños de Ribadeo por unha serie de prazas limitadísimas ademais con un número indeterminado de xente que algún día foi de aquí pero que hoxe en día non o é, entón igual confesándose de que isto ten que falalo con o

Asistente Social e formalmente co Secretario, igual dous anos e pouco e teríanse que pedir que polo menos, durante dez anos da súa vida permanecerán aquí e que vivirán dez anos aquí, por exemplo, con estes certificados históricos que se emiten aquí, porque senón igual se abre unha espiña que despois liase gorda con os de Ribadeo, entón non ten problema en falar disto, pero gustaríalle que da mesma maneira que él intentou a ordenanza do cemiterio que non sabe porque lles deu, que se reuniron varios días e incluso se gastaron varias dietas de varias sesións, para logo, ó final , non chegar a nada, e puidose aforrar o traballo dende o primeiro momento, xa que a taxa xa estaba dende o principio.

Prosegue dicindo que entende que urxencia non ten, pero vai a pedir a opinión dos demais, pero quere que quede claro que non se opoñen a buscar unha regulación para este tipo de cuestións pero podeno mirar de maneira máis sensata porque igual se poñen todo o mesmo nivel, igual alguén que se foi no ano sesenta e agora quere volver aquí, teñan en condicións de igualdade, e non sabe , porque as prazas que hai son coarenta e sete, están supersaturadas, morre unha persoa, ou dúas, ou tres, e enseguida se cubren.

Pídelles os demais Concelleiros a súa opinión.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista di que lles parece acertado, sobre todo cando manifesta o propoñente que coñecen varios casos que hai agora mesmo, aínda que sexa un proceso lento. Notan tamén que se podería mellorar a propia moción co que acaba de manifestar o Sr. Alcalde, ver un pouco quen é o organismo ou o órgano que vai aclarar ese tempo de permanencia en Ribadeo, como se acredita logo, solventar iso. Os do seu grupo si ven a urxencia, cando saben que hai xente que se dirixiu a eles no sentido de que están pendentes diso, e a eles se lles ocorre, é a súa opinión, que se debería recoller non só a urxencia, senón aprobarse e que quedara si sae como voto afirmativa, para estudio do organismo ou departamento de Asuntos Sociais, pero que quedara de hoxe a urxencia para gañar tempo.

O Sr. Alcalde pregunta para aprobar o qué, se se refiren a aprobar o contido literal.

O Sr. Pérez Vacas di que sí, que aprobar a literalidade e darlle a opción a esta xente que retorna e que vai a compartir os últimos anos da súa vida cos ribadenses, tendo sido xa ribadenses, e que polo departamento de Asuntos Sociais se complementen os aspectos que lles ofrecen dúbidas aos que están aquí presentes para concretalo nunha unanimidade na redacción.

O Sr. Alcalde manifesta que eso está moi ben, pero que unha ordenanza debe ter un contido concreto e específico, que poden aprobalas, , e pregunta se a queren aprobar con esta literalidade por unanimidade. Cree que era mellor debatilo.

O Sr. Duarte Díaz di que isto ten que ter unha exposición pública dun mes, e nese tempo pódese mellorar pero para adiantar no tempo queren que se aprobe a moción, que é o que di o Sr. Pérez Vacas e o que pide o seu grupo.

O Sr. Alcalde di que vai a ser o mesmo tempo, porque se eles se poñen de acordo e despois a aproban, queda aprobada.

O Sr. Rivas Alvarez manifesta que os do seu grupo, tendo en conta o que di o propoñente de que hai xente esperando e que hai algunha situación e algún caso de urxencia que hai que



atender e por razóns de estar e aquí e despois irse ou estar censado noutro sitio non teñen esa opción, parecelles razoable que isto se aprobe. Ademais que se vai gañando tempo, xa que canto máis xente quede nesta situación de non poder entrar, mellor, porque se amplia esa posibilidade a xente que estivo vinculada con Ribadeo, para que polo menos seguise aquí. O seu grupo non ten ningún inconveniente nin en votar a urxencia da moción a favor nin en votar a favor da moción.

O Sr. Alcalde manifesta que todos están pola labor de debatir a moción.

O Sr. Pérez Vacas di que votan a favor de declarar a urxencia.

O Sr. Alcalde di que non hai ningún problema por debatir a moción, por entrar no fondo.

O Sr. Rodríguez Andina di que pensa que haberá que aprobar agora a urxencia, senón que non.

O Sr. Alcalde preguntalles os Concelleiros se aproban a urxencia e logo fan o debate, co que están todos de acordo de forma unánime, polo que lles di que pasan formalmente ó debate, aínda que parte ou todo o debate xa se mentou.

Por asentimento, por unanimidade o Pleno acorda aprobala urxencia do asunto entrando no fondo da cuestión.

Polo Sr. Alcalde se di que entón o que teñen agora encima da mesa e unha proposta literal de cambio de dúas cousas, que polo que entendeu, os propoñentes xa están de acordo en cambiala, aínda que xa di que pode ser susceptible de cambio.

O Sr. Rodríguez Andina di que unha aprobación inicial cunha exposición pública pode dar lugar a alegacións, e esas alegacións poden ser consideradas ou non, e senón que lle corrixan os técnicos.

O Sr. Pérez Vacas di que as alegacións as pasan ao departamento de Servizos Sociais.

O Sr. Rodríguez Andina di que non pode ser pechado no sentido de que é unha aprobación inicial.

O Sr. Alcalde di que non consta aquí, un informe de Secretaría, que igual debe de constar, ou un informe de Intervención por cuestión de que o poida afectar, de maneira informal, e hai un informe aquí, unha aclaración sobre isto, que di que “aos efectos de garantir os dereitos de tódolos ribadenses potenciais usuarios da Residencia e a vista de que se poida estar perxudicando aquelas persoas que se viron na obriga de ter que emigrar e ter que regresar a Ribadeo, poderíase incluír neste punto do regulamento este requisito para os emigrantes.”

Preguntalle o Sr. Pérez Vacas que é o que está lendo.

O Sr. Alcalde dille que é un informe do Asistente Social.

O Sr. Rodríguez Andina manifesta que non entende, aínda que sexa de forma espontánea esa consulta, porque non se trae entón a moción e se trae o informe que lles está lendo.

O Sr. Alcalde di que a moción é unha cuestión técnica, e entende que debe haber informes, que isto se presenta de un día para outro e non é así, que as mocións hai que presentalas con un tempo, que iso se presentou hai catro ou cinco días, e que xa estaban convocadas as Comisións Informativas, e que por ahí non se lle poden reprochar nada, que él non ten ningún problema en que isto siga adiante.

O Sr. Pérez Vacas pregunta de que fecha é o informe.

O Sr. Alcalde contestalle que ten data de hoxe que llo pediu, pero que é un informe que lle pediu él expresamente o Asistente Social.

O Sr. Rodríguez Andina di que se ten un informe que lle pediu hoxe pola mañá o Asistente Social e que o ten aquí casualmente no Pleno por se acaso pasaba algo, entonces dille que traiga a moción ao Pleno.

Dille o Sr. Alcalde que non, que non hai tempo a debatilo cos diferentes estamentos técnicos do Concello. Prosegue dicindo que de unha maneira rápida, que non elaborada, lle pediu de agora para dentro de 10 minutos, a última hora da mañá, e non porque fora así, senón porque non deu tempo con tódalas cousas que están facendo a facelo antes, di que se debería acreditar o feito de que sexan ribadense e que poderían dar a súa opinión, unha certificación de ter residido cando menos dez anos, e en todo caso, que os emigrantes extranxeiros tiveran que presentar a baixa consular.

Destas e de máis cousas, eles non teñen inconveniente en suxerilas, pero entende e cree que non é o momento de facer estas cousas aquí, pero él cree que na redación actual proposta se xenerarían inxusticias terribles, aínda estando de acordo co fondo, de poder darlles a oportunidade a xente de fora de vir, entende que se xeneraría unha situación que non é aceptable aínda que sí se está de acordo se pode modificar, que sería cuestión de falalo.

O Sr. Duarte dille o Sr. Alcalde que él ten un informe do Asistente Social que é loxicamente un informante do Concello, e eles pediron información a técnicos, de fora do Concello, e entre dúas propostas que lles fixeron, ésta é a que elixiron eles para traer ó Pleno. Se o problema radica en que en vez de dous anos, teñen que ser máis anos, é cuestión de dialogar, pero o único que non se pode dicir é que van ter unha coladeira, non van a tela, porque a día de hoxe e pasaron moitos anos, non houbo ningunha reclamación de ningunha persoa pedindo que se modificara este pequeno artigo, e agora resulta que hai polo menos dúas persoas que llo din. Entonces parcelle a él que é un agravio comparativo a esas persoas, que dous anos lles impidan as persoas que son ribadenses, porque tiveron empadroadas igual coarenta anos en Ribadeo que lles prohiba ter esa opción de conseguir unha praza no Asilo.

O Sr. Alcalde di que non hai ningún problema por iso.

Pidelle ao público que non dialogue cos membros da Corporación (toda vez que o Sr. Duarte Díaz fala brevemente coa súa dona que está presente no público da sesión, e (ante as risas dos Concelleiros) lles di que faigan o que queiran.

Prosegue o Sr. Alcalde explicando que, por exemplo con esta proposta literal “para residentes en Ribadeo o emigrantes de Ribadeo, e pon entre paréntesis “(ó extranxeiro ou outro lugar de España)”, entón pregunta se pode ser de Santalla de Oscos.

O Sr. Duarte contestalle que son emigrantes de algunha maneira.

O Sr. Cupeiro Rodriguez di que emigrantes son os de fora, e que os inmigrantes son os de Cataluña, por exemplo, ou así o entende él.

O Sr. Alcalde di que entón el entende que deben poñer un mínimo que debe ser de máis de dous anos, sinceramente, e ademáis supón que aos extranxeiros debenlles pedir a baixa consular, e os que están empadroados noutro lado do Estado debenlles pedir algo máis, xa que insiste que as prazas son limitadísimas.

O Sr. Duarte di que os razonamentos do Sr. Alcalde lle parecen correctos, pero que lle parecen máis correctos os seus, entón mantén literalmente a súa moción, e despois que se poida facer algunha mellora na cuestión das alegacións, parecelle xustificado.

O Sr. Alcalde di que hai que ter sentido común, e non aprobar algo que se sabe que vai a ser modificado.

O Sr. Rodríguez Andina e o Sr. Duarte din que “ou non”.

O Sr. Alcalde di que na humilde opinión deles, que eso tal cual, como non se incorpore algo máis, eles non o ven ben.

O Sr. Duarte di que unha cousa e que eles non o vexan ben e lle parece moi ben, pero que o Pleno son trece persoas, e haberá que contar as que voten a favor e en contra.

O Sr. Alcalde di que o estaba expoñendo para momentos de debate, estano poñendo encima da mesa con ánimo de buscar un punto de encontro.

O Sr. Duarte dille o Sr. Alcalde que ésta é a súa maneira de falar, que non é nada. Que aquí non se tratou porque non se aprobou ó do cemiterio, pero manteñense no criterio e pregunta se hai algún párrafo no cal se opuxera. Refírese a que houbera un arraigo, que quere dicir que hai persoas de Ribadeo, que non están en Ribadeo, pero que de algunha forma mantiveron unha casa en Ribadeo e que teñan un arraigo, e este é un arraigo tamén de persoas que por necesidade económica tiveron que saír de Ribadeo e facer a súa vida en outro sitio.

O Sr. Alcalde pregunta os outros dous grupos da oposición se queren dicir algo.

O Sr. Rivas Alvarez di que xa dixo o que tiña que dicir, que eles non teñen ningún problema en votar a favor da moción, tal e como ven, e ademáis vaise abrir un prazo de exposición, e polo tanto pódese modificar e podense reunir informes, e reunir as Comisións se quere, e parcelles que é avanzar no tempo e non deixar as cousas ahí, hai que avanzar e hai que actualizar.

O Sr. Alcalde preguntalles os do grupo propoñente se aceptan unha transacción nestes termos en que se están referindo.

O Sr. Duarte Díaz di que eles o que piden xa, para deixar o tema colgado, e que él pida unha votación.

O Sr. Alcalde insiste e di que lle está preguntando antes de sometelo a votación, que eles non teñen ningún problema nese fondo si se garantizan polo menos un número relevante de anos e que no seu momento estiveran empadroados aquí.

O Sr. Duarte Díaz volve a dicir que a cuantía de anos que se pode falar, que non pasa nada, pero que non van a marcarlos aquí, que xa están marcados.

O Sr. Alcalde di que están postos dous anos e por eso lle di se aceptan unha transacción.

O Sr. Duarte Díaz di que despois nunha Comisión se mira isto.

O Sr. Alcalde que ahí quere ir él, que por iso considera que fora mellor levalo a unha Comisión e él non tería ningún problema en tratar isto.

O Sr. Rodríguez Andina dille o Sr. Alcalde que eles igual improvisan nesta moción, pero que él está improvisando máis, porque lles quere cambiar os dous anos por dez anos, porque ten ahí un papel que eles non coñecían e agora comentao cos seus compañeiros, e que é él o que está improvisando máis ca eles. En segundo lugar, isto como outros moitos asuntos que veñen o Pleno, require unha aprobación inicial, unha exposición pública, un período de alegacións e unhas correccións correspondentes no seu caso, e senón vaise avanzando no tempo e así a vez seguinte xa se aproba definitivamente, e tan fácil como iso, e con iso non quere dicir que non poida haber modificacións iniciais, que as ten que haber.

O Sr. Alcalde respotalle que comprende a súa prisa que pode ser igual ca deles, pero dalgunha maneira, se buscan agora un consenso, despois é imposible que haxa alegacións e que se aprrobe definitivamente dentro dun mes, pola contra, agora vai haber unhas reaccións e teñen que resolver dentro dun mes e pico.

El ofrecelles esa transacción e ese ánimo de enmenda e senón pasan as votacións, e senón eles non van a votar en contra, senón que se van abster.

Pide o Sr. Rodríguez Andina que primeiro se vote a urxencia, pero os Concelleiros por unanimidade manifestan que eso se considera que xa está.

Sometida a votación a moción, por 9 votos a favor e 4 abstencións, a moción queda aprobada nos propios termos da mesma, como aprobación inicial da ordenanza a que afecta e debendo efectuarse a exposición ao público e subseguinte tramitación legalmente procedente..

O Sr. Alcalde advirte que os do seu grupo van a facer alegacións a esa ordenanza porque están de acordo co fondo pero non lles parece que os anos sexan os adecuados.

**2010/09/09.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI RELATIVA A QUE OS MAIORES DO PISO TUTELADO VOLTEN A TER O XANTAR ELABOURADO NO PROPIO PISO.**

O Sr. Rivas Alvarez manifesta que él tamén ten unha moción.

O Sr. Rivas explica que a razón da urxencia da moción, que recollendo un sentir das persoas que están no piso tutelado, para que os maiores volten a ter o xantar elaborado no seu propio piso, e unha proposta que non parte deles senón da xente que está alí, que os visitaron e estaban de acordo en que se volvесе a situación anterior polos motivos que expón na moción.

O Sr. Concelleiro procede á lectura da moción do seguinte tenor literal:

“MOCIÓN DE URXENCIA,

**Solicitud para cos maiores do piso tutelado volten a ter o xantar elaborado no propio piso**

que presenta o Grupo UPRI (Unión del Pueblo Ribadense-Unión do Pobo Ribadense), para someter á consideración e aprobación, no sen caso, do Pleno da Corporación.

Antecedentes:

No piso tutelado situado na Rúa Rosalía de Castro nº 10 , conviven sete persoas maiores (6 homes e unha muller), que son atendidos por persoal municipal y que ata finais do verán pasado viñan disfrutando da comida elaborada no propio piso polas persoas encargadas do mesmo t para o almorzo, como para o xantar e a cea.

Dende finais do verán aproximadamente, unha empresa externa encárgase de levarl a comida elaborada (catering) para o medio día, é dicir para o xantar. Tendo en conta que dos sete menús que levan soamente dúas ou tres persoas como máximo comen o devandito menú de catering e que o resto teñen que comer pola súa conta fora do piso ou esperar ata a Gea para poder inxerir algún tipo de alimento e polo que visto a súa demanda (dos propios usuarios) como o visto bo para seguir elaborándolles no propio piso tódalas comidas, do persoal municipal encargado.

Solicitamos:

Que por parte do pertinente acordo adoptado polo Pleno da Corporación se dicten instrucións por parte da Alcaldía para:

1º. Que o servicio de comidas, se volva a prestar no piso tutelado tal e como se viña prestando antcs do verán pasado, é dicir que tódalas comidas se elaboren no propio piso poio persoal municipal que viña facendo as devanditas tarefas.

2º.- Que se revisen diariamente tódolos menús que se serven nos domicilios particulares por parte de esta empresa concesionaria do catering, para ver si esta situación manifestada no piso tutelado se está a producir nalgún outro domicilio particular e en todo caso se adopten as medidas necesarias para corrixila de inmediato.”

O Sr. Alcalde pregunta os demais grupos que opinan da urxencia, e manifesta que os do seu grupo non teñen ningún problema en que se debata, porque eles non están de acordo en absoluto con isto.

O Sr. Pérez Vacas di que como norma entenden que cando algún membro desta mesa presenta nunha moción pídaena de urxencia, que entenden que é de urxencia e creen que se debe entrar no debate, pero non impedirle leela, xa que el xa viu algunha vez que se impediu o debate para non ver a urxencia.

O Sr. Alcalde contestalle que non sabe en que mandato sería.

O Sr. Rodríguez Andina di que non están de acordo exactamente con eso, que ten que haber un mínimo de razonamento da urxencia, que non porque se traia con un rótulo de urxencia vai a ter que entrar por urxencia, hai determinadas cousas que non fai falla resolver de hoxe para mañá e poden levar un tempo de debate, aínda que éste pódese considerar, aínda que despois falará do fondo.

O Sr. Alcalde manifesta que se acepta a urxencia e entran no debate.

O Sr. Rivas Alvarez di que quere reiterarse no que acaba de expoñer, tendo en conta de que é unha proposta dos propios usuarios, tanto dos usuarios do piso como do persoal municipal que está encargado de elaborar as súas tarefas, é algo que lle causou certo trauma por parte das persoas que están alí, que lles levan a comida e que non se coma, que se tire e soamente nalgunos dos casos comentaban que non comían ata cenar, e pareceulle moi forte, e pareceulle que se debía de tomar unha solución o máis rápida posible, que hoxe é un día para traer esta moción e para tomar unha solución e unha determinación, razón pola cal pide o apoio para esta moción, para esas dúas vertentes, no só para que se cambie que non se siga facendo como se está facendo no piso tutelado senón que ademáis se revise, non vaia ser que esas persoas, que eles non teñen coñecemento de se lles sirven xa que non teñen contacto con elas tampouco sequera porque non teñen un listado, e querían solicitalo, pero sí lles parece que hai que correxilo e canto antes mellor, canto máis rápido mellor.

O Sr. Alcalde di que eles van a dar a súa opinión. Pide excusas e cede a palabra os Concelleiros do Grupo Socialista.

O Sr. Pérez Vacas manifesta que cree que se está poñendo encima da mesa o que é unha denuncia, e que debían primeiro contrastarse por parte de quen lle corresponda, que son os Servicios Sociais do Concello, e se realmente é certo isto que pon aquí, é un tema que se debe resolver con maior prontitude, de ahí supón que veña a urxencia, pero que unha denuncia debe comprobarse xa que lle afecta seriamente as persoas que están agora mesmo no piso tutelado. Preguntalle o Sr. Rivas Alvarez de dónde sae esta información.

O Sr. Rivas contestalle que dos propios usuarios, das persoas que están ahí usando este servizo e das persoas que lles van a facer a cea alí e os almorzos, que son os mesmos.

O Sr. Pérez Vacas pregunta se é dos empregados.

O Sr. Rivas contesta que non só dos empregados, senón tamén dos usuarios do piso tutelado.

O Sr. Rodríguez Andina explica que a eles parcelles que hai que empezar polo principio, que hai que analizar se quizá sexa cuestión de calidade ou de paladar, non vaia ser que esteñan

falando de paladar, isto en primeiro lugar. En segundo lugar, estando de acordo en que se hai algún problema hai que resolvelo parcelles que hasta certo punto é un agravio comparativo que vaian resolverlle un problema a sete persoas porque só comen tres no piso tutelado, e o resto dos que se lles leva a comida a súa casa, teñan que seguila tragando, en todo caso haberá que controlar que tipo de menús se están dando a todo o mundo, e si se encontra que non se lles deben dar esos menús, rescindirilles o contrato, denunciar na Xunta a esa empresa ou a quen sexa, porque a quen se lle resolve o problema é a sete, e pregunta senón é moito preguntar, que cantos menús se están dando máis ou menos neste Concello.

O Sr. Alcalde di que son vinta e pico particulares e hai que sumarlle os do Centro de Día que os asisten os do Consorcio, sobre coarenta.

O Sr. Rodríguez Andina di que non se pode resolver un problema de sete, que haberá que resolvelo a coarenta se é que o problema existe. El está moito máis de acordo co segundo punto que co primeiro, e dicir, que se revisen diariamente tódolos menús que se serven nos domicilios particulares, e no Centro de Día e no Centro da Terceira Idade, por parte desta empresa concesionaria para ver se esta situación se está a producir nalgún outro domicilio, e dicir, se é un tema xenérico, e se é así non cree que a solución sexa que as persoas que están no piso tutelado faigan a comida, senón que haberá que dar unha solución global para tódolos que están usando este servizo, senón ¿porqué estes sete sí e os outros coarenta restantes non, os outros que sigan comendo bazofia, supoñendo que sexa bazofia?

O Sr. Rivas Alvarez pregunta se pode dicir unha cousa, ó que o Sr. Alcalde lle contesta que non, que vai a falar él senón lle importa.

O Sr. Alcalde dille o Sr. Rivas que cando lle dean información, a xente que lla deu, que lla dea ben, porque isto non é dende finais do verán pasado, senón que leva máis tempo, comendo esa suposta bazofia. Eles están en contra desa denominación, do que se acaba de comentar nesta mesma mesa, non soamente para os demais usuarios deste servizo a nivel individual nas súas casas, nos seus domicilios, senón tamén os do Centro de Día, e os usuarios dos demais concellos donde este servizo se presta desde a Xunta de Galicia, dende hai xa un tempo importante. Cree que está demasiado claro e ten unha frase que non é de él, senón do Portavoz doutro Grupo ---, non é unha cuestión de paladar ou de gusto, senón que igual é unha cuestión de capricho, ou igual é unha cuestión de necesidade, porque igual a moita xente lle gustan máis os torreznos que o brecol, por poñer por caso, ou lle gusta máis a fritura, como moitas veces según o propio técnico municipal.

Pidelle un pouco de respecto e silencio os demais Concelleiros, di que él é respetuoso con eles e pidelles o mesmo, porque este debate que hai agora aquí xa o tivo hai un tempo con varias de esas persoas usuarias do piso tutelado na presenza dos Servizos Sociais ou na presenza do Xefe de Servizo, co Asistente Social neste caso, donde lle reiteraba tódalas denuncias, os requerimentos por parte da inspección no seu momento de que tiñan unha alimentación sobresaaturada, en graxas e outros alimentos que non debían ter persoas de idade avanzada, polo tanto di que igual están diante dunha cuestión de gusto, que quizais tamén é unha cuestión de que pode haber unha persoa que tampouco lle guste esta situación, xa que igual antes se dedicaba toda a xornada a facer a comida e agora ten que facer outras cousas, non sabe porque cree que o Sr. Rivas Alvarez lle dixo que lle deran a información tanto os usuarios como os que prestaban o servizo alí.

Pensa que neste caso t esta modalidade do xantar sobre rodas e alimentación que se da, está refrendada e avalada, nada máis e nada menos que polo Colexio de Médicos de Lugo, nun informe e nun estudio que se fexo hai pouco tempo entre un universo de poboación e de xente que estaba neste programa e outro paritario coas mesmas clasificacións estadísticas de xente que non o estaba, o resultado máis ou menos eran igual, non é que unhos gozarán de moita saúde e outros de mala, todos eran xente maior e todos temos problemas, pero máis ou menos eran iguais, pero dito polo Presidente nesta mesma mesa, que un porcentaxe moitísimo máis elevado de xente que estaba co programa do Xantar sobre Rodas e Xantar na Casa, presentaban menos problemas de sobrepeso ou obesidade.

O Sr. Rivas contestalle que é normal se non comen.

O Sr. Alcalde dille que se comen se poñen como bazunchos e que non mira para ninguén.

O Sr. Rivas Alvarez pidelle que non insulte.

O Sr. Rivas di que non hai ninguén no Salón de Plenos nese caso.

O Sr. Alcalde contesta que non está insultando a ninguén, que o único que pide é a mesma cordialidade no diálogo, e él ofrece a mesma que se lle da a él, nada máis, e pide que sexan todos respetuosos.

O Sr. Rivas dille que empezando por él.

O Sr. Alcalde prosegue dicindo que igual teñen que comer sen sal, a xente maior ten que comer sen azucre, e máis verduras e hortalizas, e menos frituras, e entóns ahí igual están nunha cuestión de paladar, polo tanto él e non vaia ser o seu grupo, que cada ún faiga o que queira, pero pareceríalles unha afrenta ir a cambiarlles o tipo de menú a tódalas persoas e a tódalas demáis, e se din algo, diselles que a cuestión a leva a Comunidade Autónoma e iso, que ademáis entendo, e pode dar fe o técnico que está alí, o Asistente Social, que non sabe o funcionamento exacto, pero cree que teñen autocontroles porque así ten que ser, como se fan as cousas, e tamén terán a súa responsabilidade se aquilo non estivera ben.

Tamén sabe, xa que na súa presenza o Asistente Social lle lo dixo a todos eles, que era o que non lles gustaba, ún dixo que non lle gustaban as albóndigas, e a outro outra cousa, e se lles dixo que se eran cousas que se podían cambiar do menú, e preguntouselles se llo dixeran, e dixeronlle que ninguén se acordaba, e o Asistente Social dixolles que xa llo tiña dito máis veces que se había algo que non lles gusta, sempre que se poida cambiar, porque o prato se poida cambiar, e que o fixeran constar a súa asistente que está alí, para que llo transmita a empresa, e naquel momento, hai tres meses disto, o Asistente Social non tiña referencia de que ninguén lle dixerá tal prato a fulano non lle gustaba, ou aquel prato a nengano non lle gustaba, polo tanto entende que aquí hai máis cuestión que o paladar incluso, hai máis cuestións de outra índole por aquí debaixo, e non vai a ser o seu grupo quen avale este despropósito, e mesmo tempo pon encima da mesa o informe do Colexio de Médicos de Lugo, co seu Presidente a cabeza e xunto con tódalas súas técnicas, que participaron neste estudio tan importante, validaron este procedemento.

O Sr. Rivas Alvarez contestalle o Portavoz do Grupo Popular, e di que eles tamén piden que se revisen diariamente tódolos menús que serven por estes domicilios particulares, o que sí piden e



que o mesmo que se fixo na moción anterior se se pode ir avanzando nun problema que coñecen eles, que se aprobe esta moción , e que se faiga a segunda parte, que se pode ir facendo tranquilamente, o único que piden e que traen aquí e manifestan o que eles lles transmitiron ese día que foron xunto deles, tanto eles como as outras persoas.

Parece que dicir que efectivamente non engordan tanto, se non comen a comida non poden engordar, e que ese Colexio de Médicos de Lugo di que avala. Di que había que ver ese asunto, pero dende logo senón comían a comida, dende logo que os resultados eran innegables.

Manifesta que os do seu grupo seguen mantendo a moción como a trouxeron aquí e se se quere engadir o do Centro de Día e o das persoas que reciben estes menús que están aquí, que o metan nese segundo apartado como decía o Portavoz do Partido Popular, e que eles non teñen inconveniente en votar a favor desta moción tal e como ven, e se se quere engadirlle isto nese sentido.

O Sr. Alcalde di que o Centro de Día non é deles, que é do Consorcio.

O Sr. Pérez López , do Grupo Municipal Socialista , manifesta que o seu grupo comprende as explicacións do Sr. Alcalde e compartenas en certa medida, e por outro lado da proposta do Sr. Rivas, di que o seu grupo votaría a favor, por todo o que decía, na liña do que dixo o Grupo Popular, de que se revisen por quen corresponda ese tipo de menús, que él cree que xa noutra ocasión incluso o Partido Popular o solicitou aquí neste Pleno e non sabe se se fixo ou non, que se revise polas persoas competentes e se faiga un informe que se estudaría e punto, e non habería porque aprobar a moción.

O Sr. Rodríguez Andina di que os do seu grupo non teñen ningún inconveniente na moción senón fora porque no primeiro apartado pon que o servizo de comidas se volva a prestar no piso tutelado tal e como se viña prestando antes do pasado verán, e ahí é donde se rompe a unidade de acción sobre tódolos afectados, e dicir, a sete volveselles a facer a comida na casa, e os outros coarenta seguen comendo eso que istos sete din que e bazofia, para poñer claro que non é él o que o di, eles estarían de acordo, se se quere manter a moción como está, en que se deixara como segundo, e que se lle engada ó segundo todo o que se eles queiran para que sexa con un control absoluto de todo o que sexa, pero non o primeiro, xa que é facelo o primeiro e facelo para sete e non para coarenta e iso non pode ser. A súa proposta sería sacar o primeiro, porque se do segundo sae que está mal, xa vai o primeiro e tódolos demáis de todo.

O Sr. Rivas Alvarez di que non ten inconveniente en que se saque ese primeiro e que se inclúa o piso tutelado no segundo apartado.

O Sr. Rodríguez Andina di que se inclúa o piso tutelado e o Centro da Terceira Idade.

Os Concelleiros din que non é o Centro da Terceira Idade, que é o Centro de Día.

O Sr. Rodríguez Andina di que entón sería o piso tutelado e o Centro de Día, e engade que de tódalas maneiras que se controle.

O Sr. Alcalde di que eses xa se están controlando.

O Sr. Rodríguez Andina pide que se revisen, vistas as denuncias.

O Sr. Pérez López pide tamén que se faiga un informe.

O Sr. Alcalde pregunta qué denuncias, se se refire as que fai o Portavoz de UPRI.

O Sr. Duarte Díaz pide coidado xa que é un tema perigoso.

O Sr. Alcalde di que coas denuncias que lle chegan a UPRI ó primeiro que tiñan que facer e comentarlllo ó Asistente Social que é o responsable desa área, e dillo porque pode haber xente dese piso tutelado, como viu él algunha vez, que non lle gusta que se lle nombre, e que o viu él buscando nos contedores de lixo, e dende logo non estan tan mal como para que a xente teña que facer eso. Engade que non vaia ser unha caprichada, que estén azuzados por alguén para que isto se convirta en males maiores.

O Sr. Rodríguez Andina di que non vaia ser que haia alguén que vive no piso tutelado e que lle de medo irlle dicirlle o Asistente Social o que hai.

O Sr. Alcalde di que non vaia ser que algún dos que viven no piso tutelado e remítese o que ten dito o Asistente Social diante deles, e aproveitando tamén lles dixo que a ver si coidaban máis a súa hixiene persoal, que non se pode con eles.

O Sr. Rivas di que para él son persoas como todo o mundo con a súa educación e a súa cultura.

O Sr. Alcalde di que co extremo respecto que ten non cita o nome de ningún deles, pero di que para convivencia dos demais moitos deles non o están facendo nada ben, non sabe se será un decoro e un exceso desmedido o que se está propoñendo aquí. Él, o Goberno, e os técnicos non queren que estean comendo bazofia, nin queren que estean comendo cousas que non sean adecuadas para a súa saúde, outra cousa é o que lle leven de comer, que igual a xente nova comería todo o día hamburguesas pero non son boas aínda que saben moi ben, para moita xente.

O Sr. Rivas manifesta que aceptan esa proposta, que se inclúa no apartado segundo o piso tutelado e que se saque do apartado primeiro, pero que se revisen diariamente os menús que se sirven nos domicilios particulares e incluso en todos esos outros edificios por parte desa empresa concesionaria.

Engade que se emita un informe e que se traiga a Comisión correspondente, para o seu estudio.

O Sr. Duarte di que se traigan esos menús un día ó Pleno.

O Sr. Rodríguez Andina di que se traigan pero por sorpresa.

O Sr. Rivas di que poden ir un día e pagalo do seu bolsillo, que non hai ningún problema, e así o proban.

O Sr. Alcalde di que esta cuestión a él non lle consta, e o que él lle poida dicir non lle convence. Que a él non llo dixeron e os que lle viñeron a dicir algo que foron os usuarios, varios deles, hai meses e diante dél o Asistente Social contestoulles e preguntoulles contundentemente, e se foron pensativos todos eles.

O Sr. Alcalde manifesta que os do seu grupo neste aspecto vanse abster e pasa a votación a proposta, que non sabe exactamente cal é.

O Sr. Secretario pregunta como vai a quedar.

O Sr. Rivas explica que no segundo punto: “Que se revisen diariamente tódolos menús que se serven no piso tutelado e nos domicilios particulares para ver se por parte de esta empresa concesionaria do catering, para se esta situación manifestada no piso tutelado e nos domicilios particulares se está a producir nalgún outro domicilio particular e en todo caso se adopten as medidas necesarias para corríxila de inmediato.”

O Sr. Rodríguez Andina di que no Centro de Día quedarán que non.

O Sr. Alcalde di que no Centro de Día non teñen autoridade.

Pregunta o Sr. Alcalde quen o vai a revisar, xa que o Colexio de Médicos de Lugo lle parece que non vale, que se deberá que contratar un dietista, e se vai ir alí a catar a comida ou como o vai a facer.

O Sr. Rivas di que nos servizos municipais teñen persoal suficiente e cualificado para ir a revisar isto.

O Sr. Duarte Díaz di que o mellor é que vaian eles.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que deberá que mirar a calidade, se está ben posto, se está caducado algo.

Pide o Sr. Rivas Álvarez que en todo caso, se emita un informe e que se traia a Comisión correspondente para adoptar os acordos pertinentes.

Pregunta o Sr. Secretario se hai acordo sobre a moción e lle contestan que sí. De seguido para a leer como quedaría o segundo párrafo:

“Que se revisen diariamente tódolos menús que se serven no piso tutelado e nos domicilios particulares para ver se por parte de esta empresa concesionaria do catering, para se esta situación manifestada no piso tutelado e nos domicilios particulares se está a producir nalgún outro domicilio particular e en todo caso se emita informe e se traiga a Comisión correspondente”.

O Sr. Rivas Álvarez pide que se engada ó último “para adoptar no seu caso as medidas pertinentes.”

O Sr. Duarte Díaz di que hai que revisar isto, e pregunta quen o vai facer.

O Sr. Rodríguez Andina di que o Goberno municipal saberá se ten que coller un dietista por un lado, si o colexio médico ,etc.

O Sr. Alcalde di que non, que él lle aporta o informe do Colexio de Médicos de hai moi poucos días, que é claro, contundente, preciso, que é especial para isto, e que foi financiado pola propia

Consellería que financia o programa do Xantar sobre Rodas, e que máis non lles pode aportar, que non pode mandar o Asistente Social casa por casa para que abra o frigorífico para ver se está ben, que eso xa o teñen que facer os da concesión e se está tan tan mal, di que os da Xunta non pasarían por iso, que o sabe.

Dille o Sr. Rodríguez Andina que igual aínda non o descubriron.

O Sr. Alcalde di que se estivera tan mal que non estaría en funcionamento.

O Sr. Duarte di que son máis ou menos coarenta persoas todas agrupadas e que igual que se fai unha consulta tamén se lles pode facer esa consulta e que den a súa opinión nunha enquisa.

O Sr. Alcalde di que entenden que teñen que dar a súa opinión e que xa se lles fai.

O Sr. Castro di que a proposta é moi ambigua.

O Sr. Rodríguez Andina di que é para que o goberno traballe.

O Sr. Castro Reigosa di que quen o van a ter que facer son os técnicos, que algún técnico vai a ter que facer a revisión diariamente dos menús, e pregunta durante cantos días, xa que unha cousa é facer unha enquisa aos usuarios e facer un informe sobre esa enquisa do grao de satisfacción sobre os menús e outra cousa é que un funcionario vaia a revisar diariamente tódolos menús a tódalas casas, e volve a preguntar durante cantos días, pensa que a proposta debe ser máis concreta.

O Sr. Rivas Alvarez di que é tan sencillo como que cada vez que se vaia a visitar, a persoa lle pase a enquisa, tan sencillo como eso, ten que facer coarenta visitas, se hai coarenta persoas.

O Sr. Castro Reigosa di que unha cousa é facer a enquisa e outra revisar a comida.

O Sr. Rivas Alvarez di que son dúas cousas que se poden facer a vez, levar a enquisa, cubrirla e de paso controla e fai a súa anotación, e tan sencillo como eso, e logo fai un informe de todo eso.

O Sr. Cupeiro Rodriguez di que non sabe que pode comprobar un funcionario do Concello respecto das comidas, pregunta se vai a ser respecto da calidade, como se expón, ... en definitiva se trata de documentos.

O Sr. Alcalde di que se eso fora, que instar a Xunta de Galicia, aínda que él ríese, pero que haberá que instar a Xunta porque é a titular de ese servizo, quen contrata esa empresa e quen escolleu unhas criterios dietistas mellores, etc etc, pero que é como se lles mandan revisar a estrutura da Ponte dos Santos, eles teñen un arquitecto non é o seu cometido eso.

O Sr. Rivas Alvarez di que eles como Administración Local teñen que velar polos veciños e polo tanto eles velan por eles e tratan de solucionarlles un problema que teñen e que hai que buscarlle solución.

Pasase a votación, 9 votos a favor e 4 abstencións do Grupo Municipal do BNG, a moción queda aprobada nos terminos reflectidos anteriormente.

### **2010/10/10.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Comeza o punto de rogos e preguntas, pasandose en primeiro lugar os pendentes da sesión anterior.

#### **Rogos e preguntas pendentes.-**

O Sr. Pérez López di que tiñan pendente do Pleno anterior o tema da persoa que reclama unhas horas traballadas ó Concello, sobre unhos servicios que él había prestado e que había determinadas opinións encontradas entre o cidadano e a Administración. No último Pleno o Sr. Alcalde manifestou que con a Interventora nova se faría unha *¿escolma?* de tódolos informes e se decidiría se tiña dereito a percibir eses cartos ou non.

O Sr. Alcalde cedelle a palabra a Sra. Interventora.

A Sra. Interventora do Concello, a Sra. Iglesias Prego explica que ela o que recorda dese tema dos anos 2004 e 2005.

O Sr. Pérez López di que tamén foron do 2006.

Prosegue a Sra. Iglesias explicando que nos casos nos que había informe do Xefe de Servicio ou do Concelleiro correspondente que decía que se prestaban esas horas, a esas persoas se lles facían contratos laborales non escritos por as horas prestadas. En tódolos casos nos que non existía informe dos Concelleiros ou Xefe de Servicio, esas contratacións non se facían xa que non estaban avaladas por esa xornada. Unha persoa pode dicir que traballou para ó Concello, e ela preguntase *¿porqué traballou?* e di que será porque alguén ou ben que o chamou ou alguén o autorizou. Esas autorizacións, no Concello e na época na que ela era Interventora, nesos anos, non existiron, e cando existían facíanselles os contratos laborales non escritos. Vendo a problemática que eso plantexaba, deu lugar a esos informes con istos reparos ou informes negativos que ela realizou para que se articulase outro sistema legal que foi cando logo se articulou un sistema a través de unha empresa.

O Sr. Pérez López di que precisamente como ela di, e di que vai decilo nome, xa que él llo permitiu, Alberto Moledo Losada, traballador do Concello de Ribadeo, na calidade de coordinador das diferentes actividades que organiza o Concello de Ribadeo, mediante a presente informa que, a petición do que suscribe, D. José Antonio Sande Martínez levou a cabo durante os anos 2004, 2005 e 2006, os traballos que se detallan no anexo e que se adxuntan a este informe.

Pregunta a Sra. Iglesias Prego pola data de ese informe.

O Sr. Pérez López di que data do 15 xuño do 2007.

Pregunta a Sra. Iglesias que porqué esa persoa, ese funcionario sabe que fixo en cada uno de esos momentos, xa que nesa data de 2007 non se lle van a poder facer contratacións de traballo a unha persoa coa data do 2004.

O Sr. Pérez López di que xa sabe que eso non se pode facer, pero que sería moi triste que este señor, xa que é un home que o debe necesitar, como todo o mundo, que se na realidade traballou, a Administración terá armas para pagarlle aunque haia unha advertencia de Intervención, como xa noutras ocasións se pagou sen contrato, con advertencias de Intervención, e pagouselle, e iso é o que él dí, que se este señor traballou, e moi triste que se quede sen cobrar, entón haberá que chamar a este señor por parte dos responsables da Intervención, e dicir que este señor está presentado por rexistro no Concello e ver se isto é certo, se se contratou para o que sexa e pagarlle a este señor se ten dereito, o que é triste e que se quede sen cobrar.

A Sra. Iglesias Prego di que esas persoas estaban avisadas en cada un deses anos, para que no momento en que iban a traballar, pasasen pola Intervención municipal ou polos servicios de persoal do Concello, para formalizar os correspondentes contratos.

O Sr. Pérez López di que comprende todo eso, pero que se aquí un señor traballou para o Concello, e alguén en calidade de coordinador lle encargou eses traballos é o mellor non é responsabilidade da persoa que traballou, e esa persoa lle autorizou a él a dicir o nome, porque que se imaxine él se quedase sen cobrar, ou outra persoa, di que eso é moi triste.

A Sra. Iglesias di que se se está referindo a ela, aseguralle que se fora ela, ó día seguinte presentaría o escrito.

O Sr. Pérez López di que a lo mellor este señor non tivo a oportunidade e non ten os coñecementos que ela ten, para que o día seguinte de traballar presentar un escrito ou un recurso no Concello.

A Sra. Iglesias manifesta que lle vai a facer un pequena puntualización e di que nese punto discrepa, xa que con esa persoa, e fala dela persoalmente, como Interventora falou varias veces e si que lle dixo dese tema.

O Sr. Pérez López insiste e dí que o único que pretende é que se lle solucione e que quen ten que decidir é o Equipo de Goberno, non Intervención, que fara o seu informe de reparo, pero que aquí haberá que buscar a fórmula ou chamar a este señor que llo encargou e facer un careo e dicir se é certo ou non, pero que é moi triste que unha persoa nos tempos que se corren quede sen cobrar catrocentas e pico de horas e ademáis que para o Concello e peccata minuta.

02.15.11

O Sr. Pérez López pregunta se lle van a dar contestación no próximo Pleno ou como vai a ser.

O Sr. Alcalde respostalle que en principio non ten máis que remitirse as palabras da Sra. Interventora.

O Sr. Pérez López reiterase en que quere saber se vai cobrar ou non.

O Sr. Alcalde di que lle contesta desa maneira, remitíndose as declaracións da Intervención.

O Sr. Pérez López pregunta se eso quere dicir que non vai a cobrar.

O Sr. Alcalde dille que quere dicir o que quere dicir.

O Sr. Pérez López dille que lle pregunta a él.

O Sr. Alcalde contestalle de novo que se remite as declaracións da Interventora.

Pregunta o Sr. Pérez López que se o que decide a Interventora é que non se pague.

O Sr. Alcalde insiste en que se remite ó que di a Interventora.

O Sr. Pérez López insiste de novo e dille que lle está preguntando a él, referíndose ó Alcalde.

O Sr. Alcalde lle contesta que eso non é un debate.

O Sr. Pérez López dille que como que non é un debate.

O Sr. Alcalde dille que non, que están en rogos e preguntas, entonces unha pregunta ten unha contestación que lle pode gustar ou non, en cun rogo entrase nun debate, pero que se isto é un rogo, que non sabe que lle roga, que se busque unha solución, e insiste en que él remítase as declaracións da Interventora Municipal.

O Sr. Pérez López insiste e dille que lle vai a facer unha pregunta para que lle conteste sí ou non, no apartado de preguntas.

O Sr. Alcalde lle contesta que xa están en rogos e preguntas.

O Sr. Pérez López dille que non, que están co do Pleno anterior.

O Sr. Alcalde admite que están en rogos e preguntas do Pleno anterior.

O Sr. Pérez López dille que son as que quedaron sen contestar. Prosegue dicindo tamén que lle dixo o Sr. Alcalde que lle iba a dar un informe da Policía Local que o ordeara, pero que se lle debeu olvidar, que ordeara os funcionarios que lle derán un informe, que os funcionarios din que se él non o saca do seu despacho, que non llo poden dar, e que non llo deron, e que él preguntou por él.

O Sr. Alcalde di que volverá a dar unha instrucción de que senón aparece que se volva a emitir ou se faiga unha copia, que supón que ese informe estará grabado e que se lle dé, porque él non é consciente de que o teña no seu despacho, e non ten ningún interese en telo agochado no seu despacho.

O Sr. Pérez López dille que non é que teña ningún interese, senón que debe ser a terceira ou a cuarta vez que ven ó Pleno, e él lle contesta.

O Sr. Alcalde di que terá que dar un mandato “in voce” de que por favor os funcionarios pertinentes, que non sabe a quen lle corresponde, que senón aparece o informe que lle hai que dar a Ramón López, que se lle pida outra vez a quen o informou para que o imprima e con copia actualizada se lle remita.

O Sr. Pérez López di que é a terceira ou cuarta vez que o pide.

O Sr. Alcalde di que sabe que chamou a un policía local a casa.

O Sr. Pérez López di que non chamou, que presentou un escrito no Concello.

Di o Sr. Alcalde se presentou un escrito para que se lle contestara e por pouco non lle colgan o teléfono ou non sabe que historias.

O Sr. Pérez López responde que sí.

O Sr. Alcalde di que por favor se lle busque ese informe e se lle entregue.

O Sr. Pérez López reitera que xa é a terceira ou cuarta vez que o pide. Prosegue con relación a un escrito que había presentado un veciño de Ribadeo, D. Manuel de Palma sobre a maqueta dunha nave que había feito Baldomero Bellón na Oficina de Turismo e daba conta da situación en que se encontraba, que estaba tapada. El manifesta que se puxo en contacto e como tampouco aparecía no Concello, que estar estaba pero que non aparecía, ese señor presentou ese escrito no Concello e él se puxo en contacto coa familia e o señor lle mandou unha copia do escrito que presentou no Concello de Ribadeo, incluso este señor como a lo mellor non era legible porque había feito a copia co teléfono móbil lle mandou unha copia a máquina do que él había presentado.

Preguntalle o Sr. Alcalde se se está referindo a aquilo que se comprometera a buscar.

O Sr. Pérez López contesta afirmativamente e di que lle gustaría que se lle contestara a este señor como proceda.

O Sr. Pérez López prosegue decindo que lle parece que non se solucionou tampouco o do rogo do final da rúa Rosalía de Castro, o da rúacortada, a que sube a Ponte dos Santos, que habían quedado en poñer unha sinal de rúa cortada xa hai tempo e cree que está sen poñer todavía.

O Sr. Castro pregunta que quedaran en poñer.

O Sr. Pérez López di que no papel pon que se quedou en poñer rúa cortada, estivo falando o Sr. Castro Reigosa e que dixo que se iba a poñer rúa cortada.

O Sr. Castro di que ou rúasen saída, que tamén rúasó pa peóns.

O Sr. Pérez López di que en concreto no papel pon “rúa peonil”.

O Sr. Pérez López pregunta tamén polo tema de Obras Públicas, que non sabe se está reparado o Mirador de Obras Públicas, que él había feito un rogo en que se lle votase unha man a aquel



mirador, e polo menos naqueles días estaba sen reparar, os bancos de Obras Públicas que se estaba desfacendo.

O Sr. Pérez López dille que lle pide neste momento que lle responda se sí ou non se lle vai a pagar a ese rapaz os cuartos que lle debe ó Concello.

O Sr. Alcalde manifesta que se remite as declaracións hai unhas minutos da Interventora Municipal.

O Sr. Pérez López dille que lle conteste que si ou non.

O Sr. Alcalde di que él lle pregunta o que queira e él lle contesta o que queira e o que lle pareza.

O Sr. Pérez López di que lle parece moi ben, e que non ten máis nada que dicir, e que fará públicas as contestacións do Alcalde.

O Sr. Alcalde que tamén fará públicas as súas preguntas, referíndose as do Sr. Pérez López.

O Sr. Pérez López di que por suposto que sí, que quere que as faiga.

#### **Rogos e preguntas novos.-**

#### **Rogos e preguntas do Grupo Municipal Socialista**

O Sr. Pérez Vacas di que quería expoñer unhas cuestións, que o Partido Socialista, entre outras forzas aquí representadas, depositaron toda a súa confianza nel para apoialo porque así se manifestaba, non só verbalmente, senón en tódolos programas políticos, a necesidade de que Ribadeo tivera un Plan Xeral de Ordeación Municipal, e a pregunta que lle quere facer e que dende o 23 de xuño non houbo ningunha reunión e non só non a houbo, senón que non recibiron a máis mínima información dende esa data ata ao día de hoxe do que está a acontecer con Plan Xeral de Ordeación Municipal. A pregunta que lle quere facer, dende esa confianza que depositaron e que están dudando de continuar, é se hai algo que deban saber do Plan Xeral e porque non lle lo indica.

O Sr. Alcalde contesta que nada máis lonxe da súa intención de que lle retiren a confianza que lle depositaron inicialmente tódolos grupos da Corporación. Non é gratuita nin é caprichosa a non reunión dende aquela, pero saben tódolos portavoces que estiveron naquela Comisión, que se lle encargaron a empresa redactora, os técnicos municipais, por encima de todos eles de maneira representativa o Alcalde, unhas deberes complexos, que ademais moitos deles teñen que ver con organismos que non están exactamente no Concello de Ribadeo, senón na Xunta de Galicia, referido a un informe, como pode ser o de Patrimonio, ou referido a unha serie de mandamentos que todos eles lle fixeron a él, lle comisionaron para que resolvera e que posteriormente na súa proposta de resolución, dará conta aquí de esa mesma Comisión.

Prosegue dicindo que tanto nese aspecto como noutro, pode dicir que está, e que oxalá fora todo máis rápido do que vai, pero tanto nun aspecto como noutro saben tanto eles como o seu grupo o extremadamente complexo que é avanzar e saben que o método de traballo foi que iban deixando aquelas cousas que poden bloquear para o final, pero claro aquelas cousas que poden bloquear é porque son complexas, e non parten soamente de que teña vontade o Alcalde de

Ribadeo, que dende logo o poden creer ou non, pero non debe de haber día no que non pense no Plan Xeral de Ordeación Municipal, e oxalá en breve se poidan poñer aquí outra vez nunha nova Comisión as propostas que polos diferentes técnicos principiando pola empresa redactora, cun traballo fundamental para poñer encima da mesa, e co concurso despois dos técnicos municipais e dos diferentes actores que hai neste proceso e que eles (referíndose os Concelleiros) o comisionaron para falar con eles, poidan ter encima da mesa todo eso.

O Sr. Pérez Vacas di senón lle parece que non é necesario esperar sete meses para ter unha comunicación máis fluida con tódolos que depositaron ese voto de confianza en redactar o Plan para ter que esperar, e insiste, sete meses, en darlles esa información. Cree que podía telos informados mes a mes do que está ocorrido e que non lle teñan que preguntar no Pleno ou nos medios de comunicación que pasa co PXOM porque parece que pasa algo, que pasaron de reunirse dúas veces aó mes, a sete meses sen saber nada.

O Sr. Alcalde di que efectivamente, que xa saben que as reunións de cada dous meses eran reunións dunha serie de alegacións de unha complexidade razoable donde se podía ir avanzando ffacilmente como se foi facendo, e saben que foron deixando as partes máis complicadas para ó final, que quizáis hai moitas partes complicadas e dende logo, él non quere, si realmente pecou de non informalos, entendeu que eles non o estaban tomando de mala fe, e tamén lles di que non os culpa de nada , pero cree que todos máis ou menos se ven habitualmente e tamén lle podían preguntar, aínda que non lles quere botar a eles a culpa para non ferir a súa sensibilidade.

O Sr. Pérez Vacas prosegue cunha nova cuestión e manifesta que parece ser que este domingo debía de celebrarse o mercado e di que o supón , porque estaba todo acordonado , como acontece sempre e que incluso viu dous coches que estaban multados por estar alí aparcados, en cambio, non houbo mercado. A pregunta é que é se sabe o Sr. Alcalde a que foi debido isto, que estivera valado, que houbera multas e que non houbera mercado.

O Sr. Alcalde contesta que ten un informe e quedaron en pasarllo, que entende que estará no rexistro de entrada, que a propia Policía Local debido a un erro de que non se advertiu o de quen transmitiu a orde, que non foi él, pero que en todo caso marcaron algo cando non debía haber mercado, xa que non era o día adecuado para eso, e advertíronllo a él ese mesmo día , ó mediodía máis ou menos, de que houbera un erro, que se equivocaran e que xa falaran con tódolos vehículos que estaban alí mal aparcados según a sinalización.

O Sr. Pérez Vacas prosegue con un tema que di que xa o falou na Comisión de Goberno e cree que o tema segue igual, di que se fixeron unhas obras sen licencia na rúa dos Galos, en concreto dous entronques que atravesaron a rúa de lado a lado, e que están producindo unha serie de problemas para todo o vecindario, de feito foron os propios veciños os que se dirixiron a él, xa que primeiro non tiñan licencia para aqueles entronques, segundo que o Arquitecto ou os servicios técnicos do Concello non xiraban visita , e terceiro que o estado daquela zona é lamentable e que nese tramo aínda é peor. Di que o rogo que lle quería facer ó Alcalde , é que xa que se fixo a obra sen licencia, por parte do Concello se poida reparar a desfeita que está afectando aos propios veciños.

O Sr. Alcalde dille que non lle consta que se fixera sen licencia ese extremo.

O Sr. Pérez Vacas di que así o manifestara o Arquitecto municipal en Comisión de Goberno, que pode recoller as actas.

O Sr. Alcalde di que se o dixo non o leeu, pero que en todo caso, non ten ningún problema en que o Arquitecto Municipal emita informe de todo eso, porque moito lle extraña que alguén poida facer un entronque na vía pública sen pedir licencia, xa que quen o fai é a empresa concesionaria de augas habitualmente.

O Sr. Pérez Vacas di que lle pregunte ó Arquitecto.

O Sr. Alcalde di que en todo caso, ese camiño é un camiño que se vai amañar, que é o que vai os Galos e a rotonda do Voar, que en breve tempo se amañará, que é consciente da situación, do deterioro que ten, de feito hai unhas días mandou a brigada de obras, para que se puidera minimamente tapar unhas baches con un pouco de aglomerado, pero o certo é que é un momento fatídico para asfaltar coas xeladas e con esta auga, non fai recomendable facelo de maneira inmediata, pero sí a súa situación fai recomendable facelo de maneira inmediata, con o cual, en breve tempo executarán a actuación enteira.

O Sr. Pérez Vacas di que a última pregunta é en relación coa última xuntanza que tivo o Sr. Alcalde coa Mesa de Asociacións, e pregunta se é o propio Alcalde ou outra persoa a que elabora a Orde do Día de esas reunións.

Respostalle o Sr. Alcalde que a Mesa de Asociacións como é tan informal como é, e dicir, como é tan informal non é órgano sequera, é unha vontade deste equipo de goberno de reunirse co movemento asociativo local e para iso de boa fe convoca a tódalas asociacións que están no Rexistro Municipal de Asociacións, incluso con tan boa fe por parte do Equipo de Goberno que lle suxire que eles estimen a Orde do Día sen perxucio de que despois, no turno de rogos e preguntas, que tampouco é necesario pero que se pon, pois se poidan presentar ou preguntar tódalas cuestións de interese. E canto ten que dicir.

O Sr. Pérez Vacas di que non ten nada máis que dicir.

### **Rogos e preguntas do Grupo Municipal Popular**

O Sr. López Penabad do Grupo Municipal Popular comenza sinalando que quere facer un rogo, xa que quedaran en que se iba a limpar unha finca que había en Vilaselán no casco urbán, concretando en frente a “casa de Mamel” para ser exactos e que a estas alturas segue igual.

O Sr. Alcalde dille que deberon mandar unha serie de cousas, e delas moitas de fincas para limpar, el mirará para ver se para o próximo Pleno, e que non sabe se estará limpo ou non, pero polo menos que esté enviado o requerimento.

Prosegue o Sr. López Penabad referíndose a de algo que cree que xa se falou algunha vez, que é a ocupación viaria de obras privadas e demais, supón que hai varias rúas, en concreto, na Leopoldo Calvo Sotelo, cada segundo día, hai unha valla ou dúas ou tres, eliminando prazas de aparcamento, e di que non sabe se teñen constancia aquí no Concello e se están pagando por esa ocupación. Dille que fala dese punto en concreto, pero que hai máis.

O Sr. Alcalde respostalle que a Policía Local ten instrucción e periódicamente pasa un listado de ocupacións de vía pública e que él non vai a revisar o listado que lle pasa a Policía , que só faltaría , e que confía na súa profesionalidade.

Pidelle o Sr. Alcalde que pasen por alí, xa que aquilo é día sí , e día tamén.

Por outra parte di o Sr. Lopez Penabad que saben dunha solicitude de cambio na rúa Pasarón e Lastra que está agora mesmo como residencial e solicitan que pase a comercial.

Preguntalle ao Sr. Alcalde que cómo está esa rúa.

O Sr. López Penabad , pola sua parte , di que está como residencial e solicitase que pase a comercial.

Di o Sr. Alcalde que como é eso de que está como residencial e que se solicita que pase a comercial.

O Sr. Rodríguez Andina contestalle que é a efectos de ruído.

O Sr. Pérez Vacas engade a efectos de baixa contaminación acústica.

O Sr. Alcalde di se se refiren a que pase dunha calificación a outra.

O Sr. Rodríguez Andina di que sí, pero que non lle deixou acabar ao Sr. López Penabad.

Pregunta de novo o Sr. López Penabad que se saben eles desa solicitude, é como está o procedemento.

O Sr. Alcalde di que lle corrixa o Sr. Secretario.

O Sr. Secretario di que non, que non corrixe a ninguén neste punto cando é un tema político.

O Sr. Alcalde di que entende que o Plan Xeral con este momento de transición descoñece se teñen un rexistro das rúas comerciais, a parte dunha cuestión figurativa, donde hai comercio, donde pode haber un estudio como aquel que se fixera co Centro Comercial Aberto donde había unha serie de rúas máis comerciais, pero que se certifique que esta rúa é comercial ou é residencial, entende que non, que non existe.

Preguntalle o Sr. López Penabad que hai que facer para lograrlo.

O Sr. Alcalde contestalle que terá que estar no planeamento municipal.

O Sr. Secretario intervén e di que en principio hai que remitirse a normativa reguladora da Comunidade Autónoma que establece que precisamente é no Plan Xeral e donde se teñen que delimitar as zonas acusticamente do propio Concello. O ideal sería incorporar no Plan Xeral

precisamente unha calificación conforme a normativa autonómica de tódalas zonas, de feito e que os usos urbanísticos no futuro veñan determinados pola clasificación que se fai.

O Sr. López Penabad di que solicita que se inclúa.

O Sr. Alcalde di que nas Comisións do planeamento falarán de todo iso.

O Sr. Rodríguez Andina di que non sabían eso ata hoxe.

O Sr. López Penabad di que o descoñecían. Prosegue decindo que hai rúas, recén entregadas ademáis, e nesta época que tanto choveu, ir por exemplo por a rúa Ramón González ou pola rúa San Francisco, e pide perdón pola broma, pero e que pensou que ia pinchado, porque cada pouco salialle unha chapuzada de auga para arriba. Quere dicir con isto que se vixien un pouco máis as entregas xa que están recén entregadas e deixan bastante que desear. E con isto remata e non ten máis que dicir.

A Sra. Sanjurjo Santar do Grupo Municipal Popular di que ten un rogo, que é nunha versión na pantalla do google maps que exhibe ,non figura correctamente Ribadeo.

Preguntalle o Sr. Alcalde se se refire ao de Ría de Ribamo, etc

Prosegue a Sra. Sanjurjo Santar respostandolle que é unha cousa que utiliza agora moita xente para mirar e como vai a zona, e que nesa pantalla, utilizando esa pantalla da versión satélite, Ribadeo ten unha nube por enriba, unha nube que non se ve nada, e que en cambio do outro lado da ría están perfectamente nítidos, que se lle vai a facer, e querían que o Concello fixera unha queixa formal ao servidor e esixira que se cambiara eso porque, con vistas o turismo que poida vir este Ano Santo, empezar o Camiño do Norte nublado, que se ve moi mal e que non se ve nin o casco urbano nin as parroquias nin nada.

O Sr. Alcalde di que non hai ningún problema en acceder a isto, pero cree que habitualmente, cada certo tempo, fan imáxenes actualizadas, que cree que se chaman ortofrontales ou algo así, e confían que na próxima vez non haxa nubes, pero que non hai ningún problema en requerilos, non sabe se por vía dixital, ou outras.

O Sr. Rodríguez Andina di que lles vale por calquera vía, incluso *penal*.

A Sra. Sanjurjo Santar tamén di que vale calquera vía.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que o que están intentando e que é complexo.

O Sr. Secretario que polo menos que quede constancia.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, di que o estiveron mirando o outro día, e que ven Ría de Ribamo, hai varias cousas que cambiar, ven a Praia das Catedrais no interior.

O Sr. Rodríguez Andina que casi é peor o de que non se vexa.

A Sra. Sanjurjo Santar di que o que non se ve que é peor que os nomes, porque os nomes aínda se poden preguntar qué será eso, pero se non se ve nada.

Prosegue preguntando ¿qué se sabe de cómo vai o procedemento de permuta do Camiño da Ponte? Saben que o que tiña o xuicio, un veciño de alí que se chama Álvaro que saíu gañador e as señoras de alí protestaban, que non tiña nada que alegar, e agora o seguinte paso sería que se permutara o trozo do camiño, e pregunta se sabe a que se refire.

O Sr. Alcalde di que sí, que estaban con toda a vontade de levar eso adiante, sabe que é un procedemento complexo que a eso se está sumando unha serie de cousas, que a realidade non coincide co Catastro nin moito menos, e que hai que facer un informe técnico, ou él o entende así.

O Sr. Secretario di que sí que hai que finalizar o procedemento, que é un tema importante, que é precisamente a apertura dun novo viario que poida substituir o existente.

A Sra. Sanjurjo Santar di que era cambiar un camiño público por outro trozo de terreo.

O Sr. Secretario di que sí, pero que hai que trazar ou garantir que se poida trazar ese novo viario, porque pertence o Concello, que é unha cuestión puramente técnica na que él non pode entrar, e dicir que a permuta ten que chegar a ser efectiva cunhas obras que hai que realizar senón recorda mal.

O Sr. Alcalde di que sí, que hai que facer un desmonte importante, e que hai que mirar varias cousas.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular di que eles no pedían que se refixera o muro nin nada.

O Sr. Alcalde di que non, que eles pedían ese cambio, o que pasa é que o Secretario entende él que di que non vaia ser que se faga ese cambio e que eles logo non sexan capaces de facer ese camiño, pero que van a dar por suposto que se poida facer para que se lles poida axudar, pero que cree que o que sabe máis e a persoa que está ahí, referíndose ao Sr. Rodríguez Andina.

O Sr. Rodríguez Andina preguntalle o Sr. Alcalde ¿de qué?.

O Sr. Alcalde di que respecto á situación da Igrexa, a 100 metros.

O Sr. Rodríguez Andina e dille ao Sr. Castro Reigosa que se pon un asfaltado “a lo bestia”, pois claro, pero que se pon un camiño como o que hai, que qué vai a dicir, que tres metros arriba e tres metros abaixo.

O Sr. Alcalde di que dende o punto de vista do Concello impulsarán isto para buscar unha solución rápidamente, que eles non teñen ningún inconveniente en atrancalo, ao revés.

A Sra. Sanjurjo Santar formula outro rogo, que se podían cambiar as actividades lúdicas, o das colchonetas que se montan no parque, para a rúaentre o Cantón, pola seguridade dos nenos, xa que está montado alí, hai cables polo medio, ferros por outro, as tajeas levantadas e andan

saltando por alí, e hai xente do parque que solicitaba que se fixera ese cambio, que ela non ten nenos, rogalles eso a eles, de momento, no presente.

O Sr. Rodríguez Andina dille que por eso dixo que non ten.

O Sr. Alcalde di que se se pasan para alí tamén hai cables.

A Sra. Sanjurjo Santar di que a cantidade de nenos que hai nese lado e bastante menor que a que hai alí, teoricamente.

O Sr. Alcalde di que ali hai unha cuestión, que por carácter histórico e porque cando alí se poñía eiquí estaba a rúa como estaba, pero que alí están concentrados tódolos xogos infantís, o parque e as colchonetas, e se a desagregan, van a meter aquí unha zona infantil e outra alí.

Pregunta a Sra. Sanjurjo Santar se non se pode valorar a posibilidade, que tamén se pon aquí un terraza no Cantón e nesa zona esas actividades que todo o mundo o sabe.

Di o Sr. Rodríguez Andina que tamén están os que veñen en carnavales e en Semana Santa, e non están alí tódolos días, que alí estorban moito.

A Sra. Sanjurjo di que ademáis había menos antes, naquela zona, en cambio eiquí, os que veñen xogar a quel cacho non veñen a xogar neste tramo de aquí.

O Sr. Alcalde di que eles non teñen inconveniente, pero que deben de falar con quen, porque eso sempre lles cobra a Comisión de turno, ven sexa de Antroido, de Reis, das Festas, entón xa saben que a Comisión as veces....

O Sr. Rodríguez Andina pide que o miren.

Pregunta a Sra. Sanjurjo Santar, se se van preparar voluntarios como guías turísticos dos que se poidan botar a longo do ano que ven, este ano que estamos empezando.

O Sr. Alcalde di que sí, que estivo falando hai quince días co Director Xeral de Xuventude e propuxolle un convenio que iba a remitir para que o Concello puidera ter voluntarios para o Xacobeo, prestaría total colaboración sen ningún problema, quedou en mandarlle o convenio, un pouco parco de diñeiro, pero en todo caso, coa súa total colaboración.

A Sra. Sanjurjo Santar formula un rogo, respecto a que os da Deputación pasaron por Arante, pero rógalles por favor, que pasen eles por detrás deles e ver se encontran o que fixeron. Di que sí que o que fixeron non fai falla ir, pero que en media hora pasou o primeiro tractor e desfixoo.

Preguntalle o Sr. Alcalde se é naquela curva que pasou poucos días despois de que lle fixera o rogo, e preguntalle a Sra. Sanjurjo se se levantou todo.

A Sra. Sanjurjo contestalle que máis ben fundiuse, e dicir, que seguen tendo o mesmo furado, con un pouco máis de pasta, porque ademáis, en vez de amañar un trozo de estrada, se o furado chegaba ata aquí, ata alí o amañaron.

Preguntalle o Sr. Alcalde a Sra. Sanjurjo cal é o barrio.

Contestalle a Sra. Sanjurjo que é O Barredal, e di que a actuación non era esa a que se necesitaba alí, que non durou nada, que o día seguinte de haberlo posto, xa estaba o furado outra vez.

O Sr. Duarte Díaz di que os fines de semana donde se autorizou as máquinas recreativas, e se corruxe e di que son expendedoras, na rúa Rosalía de Castro, que dende logo aquilo é unha porquería como deixan aquilo, quere dicir que a xente que vai sacar sandwiches fríos, sandwiches quentes, todo de plástico, todo polo chan, e comprende que eso é incivismo puro, que están cerca os contedores e non os usan, pero os veciños están que trinan. En segundo lugar, di que na entrada do portal, el mesmo o viu, unha cantidade de bocadillos a medio comer tirados diante do portal, deulle vergonza porque saían unhos veciños a que o viran no portal, pero ou se lle esixe a empresa que instalou alí as máquinas que os fines de semana fagan unha limpeza, ou dende logo, o Concello ten que tomar medidas alí.

O Sr. Alcalde di que é consciente de esa crítica, xa que o Presidente da Comunidade de Veciños llo transmitiu a través dun escrito, e falou cordialmente con él nun par de ocasións e sí que él tamén o advertiu, que hai alí unha papeleira, pero que está saturada, entón non sabe como se pode resolver, cree que as licencias son dun tracto continuo, que sempre hai que cumprilas, pero cree que esa concretamente, o seu grupo que tamén a apoiou, fixeronlle un montón de condicionados, non se acorda se ún deles era nestes termos, pero en todo caso, se mirara non sabe se cun informe do municipal técnico, para poder requerirle unha responsabilización do que xeneran dunha maneira desaforada, que pode xenerar como calquer outro comercio de Ribadeo, pero non de maneira intensa.

O Sr. Rodríguez Andina di que senón hai outro método que é que os barrendeiros que chegan un pouco antes, cheguen un pouco máis alá.

O Sr. Secretario di que o problema é que non é o responsable quen produce, senón o incivismo de quen o consume. Engade que lóxicamente a licencia estará ben dada, que non é responsabilidade do establecemento.

O Sr. Rodríguez Andina di que había outros compromisos e que non sabe se entraba.

O Sr. Secretario di que non figura no acordo.

O Sr. Alcalde di que non sabe ata que punto, por unha actividade que xenere igual a presenza dun barrendeiro cada dúas horas.

O Sr. Duarte di que non, que é no fin de semana e máis os domingos, non pola semana, e advirte que de momento.

O Sr. Alcalde di que mirarán técnicamente se as condicións da licencia poden permitir que se esforzen máis, senón igual o que hai que facer é para a próxima modificación normativa, que os establecementos que teñan máquinas expendedoras, duplicarlles a taxa de recollida de lixo.



O Sr. Duarte Díaz di que ten outro rogo, que é respecto á Plazoleta de Álvarez Miranda, que di que é unha plazoleta que se humanizou, pero de humanizar nada, que está deshumanizado totalmente e que parece un “corralito”, é asqueroso ver todo eso, e ver se de algunha maneira a persoa que deposita alí bombonas de gas, e cen cousas, que parece como se a plazoleta fora propiedade deles, que hai unha cochambre de graxa e de todo alí, naquela plazoleta que se estivera coidada, era acolledora.

O Sr. Alcalde di que está claro, que agora está un pouco máis limpa, que a actividade de restauración está un pouquiño mellor do que estaba. Non obstante, él viu que hai unha valla, que detrás da valla hai unhas bombonas de gas, que como xa lle dixo verbalmente que ós do gas non lle dan resolto, non lle dan conectado o subministro continuo de gas, por eso está eso ahí. Por outra banda, no que é o “Edificio dos Perecitos” famoso, despois de tres ou catro veces que foi a Patrimonio, e tres ou catro veces que lle deron para atrás por cuestións diversas e agora quedalle unha, que onte mesmo falou co representante desa historia, e manifestoulle que non pode estar para a Comisión de finais deste mes, porque xa está pechada, pero que nos próximos días traerá xa o proxecto visado definitivamente, por terceira e última, para darlle licencia, para darlle autorización de Patrimonio na seguinte Comisión e agardan que despois se proceda a rehabilitarlo dunha vez, xa que está feito unha porquería iso.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, comenta que lle chegaron ós do seu grupo rumores, non saben se dende a rúa ou dende os medios de comunicación, de que está previsto que polo Equipo de Goberno ampliase o equipo de Cultura con algún Técnico ou Auxiliar de Cultura.

A Sra. Álvarez Lastra di que non, que a persoa que estaba acabou o contrato antes de que pasara o proceso selectivo, e que é o posto que hai, non a persoa que estaba, se corrixe, que o posto non, que é a persoa que estaba acabou o contrato e agora hai que licitalo de novo a convocatoria dese posto.

O Sr. Rivas Alvarez, di que ten tres cuestións nada máis.

O Sr. Reymondez Gancedo, de UPRI, di que ten él máis, quería preguntar unha cousa, que non sabe se pode Balbino, que había unha pregunta que quería facer Balbino, e preguntalle, ó que o Sr. Pérez Vacas dille que xa a fixo.

O Sr. Alcalde dille que está ben que se preocupe polos do grupo de UPRI.

O Sr. Rodríguez Andina dí que eso si que é un pacto, e non o deles.

O Sr. Rivas Alvarez di que sí, que en toda regra. Prosegue decindo que hai un tempo corto, acordáranse unhas nomes para unhas sinais de nomes nas rúas, Ernestina Mansilla por exemplo, e non se fixo ningún acto nin se convocou a nadie.

O Sr. Pérez Vacas dille que levante a voz que non se oe.

O Sr. Rivas Alvarez di que se colocaron unhas sinais de nomes nas rúas, e no caso de Ernestina Mansilla non se fixo ningún acto conmemorativo, e que sempre que se puxo un nome nunha rúase fixo algún acto, se avisaba os familiares. Pregunta se ten previsto facelo, se non se

fixo por algunha razón e se non se ten previsto facer, e en todo caso, se faiga, se ten que facer un acto simbólico, que cree que unha persoa que merece unha calle, merece un acto como tódolos anteriores que se fixeron, sempre se fexo algún acto, se descubriu unha placa ou o que fora, dilo por si hai familiares, que sempre hai persoas que queren asistir a estes actos.

A Sra. Álvarez Lastra di que sí, que non ten ningún problema , pero que nese conglomerado e nese bloque de persoas que se lle iba a poñer o nome, quedan algunhas pendentes porque se iba a reunir a Comisión, porque había nos lugares donde estaba determinado que se iban a poñer nas calles había propostas de outros sitios, e non nas que se levou dende o Consello Municipal, entón unha vez que se reunan e que estén todas, nese momento se dictaminará o que se vai a facer e se facerá.

O Sr. Rivas Alvarez di que roga que se faga.

Prosegue o Sr. Rivas Alvarez, cunha pregunta sobre unha solicitude de licenzia de obra para os baixos desde edificio donde está o Auditorio, a nome de un tal Maducho, S.L. que ten o visto bó de Patrimonio e ten incluso informe do Arquitecto favorable, e que está pendente de que se lles responda dende o Concello. Parece ser que se lles dixo que foi a Urbanismo e que o Director Provincial de Urbanismo en Lugo lle di que non lle vai a contestar aó Concello, que se lle requeriu varias veces e que non lle van a contestar, e pregunta a qué ten que esperar para que se lle a licenzia, se é unha licenzia moi complicada, se é que non ten dereito a ter licenzia, pero que polo menos que se lle conteste, e en todo caso que se lle de a licenzia.

O Sr. Alcalde di que miraran o caso na Xunta de Goberno.

O Sr. Rivas Alvarez, di que por último, que nun acordo plenario acordouse o deslinde da Fonte de Porto de Arriba, e pregunta se está rematado o expediente.

O Sr. Alcalde contestalle que non.

O Sr. Rivas Alvarez, di que entón o seu grupo o que pide e que se delimite todo o entorno e que se habiliten tódolos desagües por ambas marxes desa rúapara evacuar as augas como estaba sendo de sempre, e incluso cree que hai dous bebedeiros pola parte de abaixo desa fonte segundo os veciños e pide que se destapen tamén, e en todo caso que se recuperen, que sería un bó patrimonio para os veciños.

O Sr. Reymondez Gancedo di que se vai a facer a pregunta de sempre da rúa Deputación-San Lázaro, e di que é a que fai él sempre.

O Sr. Alcalde dille que en breve.

Preguntalle o Sr. Reymondez Gancedo se vai a ser o día 11.

O Sr. Alcalde contestalle que estivo aquí o xerente da empresa adxudicataria, Construcciones Sarmiento.

O Sr. Rodríguez Andina preguntalle cando.

O Sr. Alcalde dille que esta semana.

O Sr. Rodríguez Andina lle di que hoxe e luns e que é difícil que fose esta semana.

O Sr. Alcalde se corrixe e di que foi a semana pasada, que como él traballa tódolos días xa non sabe en que día se encontra.

O Sr. Alcalde di que lle parece que foi o xoves cando estivo aquí e lle dixo que en poucos días estarían aquí, pero que se lle di unha cifra e se lle dí un día e non está vai a dicir que é culpa del.

O Sr. Reymondez Gancedo dille que xa llo dixo outra vez.

O Sr. Alcalde dille que se por él fora e puidera estar hai un ano, que estaría, que non ten interese en que estivera así tanto tempo.

O Sr. Reymondez Gancedo comenta en referencia a rúa Ramón González, ampliando a pregunta que fixo ó Sr. López Penabad, que decía que había unhos baches e que mirase polas entregas das obras, él matizando un pouco querelle dicir por senón o viu que diante do Bar Taller no centro da calzada, está levantado, ou fundido ou levantao e vese ben, que se vai andando por alí e se ve.

Prosegue coas rúas e pide que na rúa San Roque se se poideran amañar esas aceras.

O Sr. Alcalde di que se están continuamente amañando, pero eso fíxose mal no seu momento cunha moi mala base e apegáronse as plaquetas e desapegáronse outras.

Prosegue falando de obras, de que debese amañar en San Francisco, diante de Pérez, onde tamén hai unhos adoquines medio levantados.

Dille o Sr. Alcalde que se referirá a plaquetas.

O Sr. Reymondez Gancedo dille que ben, que serán plaquetas, que técnicamente non sabe como se chama eso.

O Sr. Alcalde dille que pode que sexan adoquins.

O Sr. Castro Reigosa di que non, que son plaquetas.

O Sr. Reymondez Gancedo di que pode que sexan plaquetas, pero que están levantados, e que son novas.

O Sr. Rodríguez Andina di que son adoquines, que aínda que sexan de fábrica son adoquins.

O Sr. Alcalde di que entende que se referirá as lousas que se moven.

O Sr. Reymondez Gancedo dille que tamén.

O Sr. Reymondez Gancedo plantexa unha nova pregunta, de se está entregada a Vía Transversal, que se está entregada fai un rogo, e senón o está non o fai.

O Sr. Alcalde di que non o sabe.

Pregunta ao Sr. Secretario que contesta que non, que a parte do polígono 10, non o está.

O Sr. Alcalde dille que non está.

Pregunta o Sr. Rivas Alvarez se está entregada a parte das vivendas sociais.

O Sr. Secretario di que a parte do polígono 10 non está formalmente entregada.

E pregunta o Sr. Rivas Alvarez que inclúe o polígono 10.

O Sr. Rodríguez Andina di que inclúe tamén a parte das vivendas sociais.

O Sr. Reymondez Gancedo di que entón non lle fai o rogo. Prosegue dicindo que na parte do Colexio Sagrado Corazón, ou en Os Galos lles piden algunhos veciños que se reparen os baches que hai ata a rotonda.

O Sr. Alcalde dille que xa se referiu antes, nun rogo anterior do PSOE a esa rúa, que ahí non lle devolveu a xogada o PSOE.

O Sr. Reymondez Gancedo dille que para él compañeiros son todos.

Prosegue o Sr. Reymondez Gancedo sinalando que respecto a carretera que vai dende a Igrexa de Vilaosende a Santalla de Arriba, pola parte de arriba que a ver se poden amañar unha cantidade de baches que hai alí.

Outro rogo que efectua o Sr. Concelleiro no uso da palabra é que tamén en Santalla existe un socavón diante do campo da feira, e que se arranxe.

O Sr. Alcalde lle corrixe e dí que é o campo da festa.

O Sr. Reymondez Gancedo excusase , e dí que sí que é o campo da festa, e di que cree que é da Deputación e pide que se se podía solicitar que amañaran eso, e que de paso que falan coa Deputación, a ver se poden falar e volver a repetirlles, se é que xa llo dixeron, o da zona dende a Ponte de Feve ata San Lázaro, porque aquí diante do Campo de Fútbol, porque o Sr. Castro Reigosa debe de ter o coche desfeito, porque aquilo está mal, e dillo porque vai moito a ver o fútbol.

O Sr. Alcalde dille que máis que velo irá a miralo.

O Sr. Reymondez Gancedo di que irá a mirar que vaia todo ben.

Prosegue o Sr. Reymondez Gancedo, referíndose a outra zona pola que pasa o Sr. Castro Reigosa, e que pasa él tamén, que vai dende a Ponte de Feve na saída do Castillo de Nemesio, que alí abaixo fixose unha obra e que estiveron alí, pero agora deronse conta de que non hai ningunha cuneta e estes días que choveu tanto alí formabase unha balsa de auga enorme , dos

coches que saían dende o Eroski, que quedou como se non houbera cuneta e faise unha balsa de auga, abaixo de todo.

O Sr. Alcalde dille que alí o Concello, por dicirlo de alguha forma, comeron un pouco da esquina para facilitar a manobra dos camións, tal e como lles solicitaron, pero que a obra principal a que se refire foi un “topo” que fixo a empresa para Begasa, para mandar o subministro eléctrico a outro lado, él viu que do outro lado a arqueta rezumaba auga e mandouse facer un informe a Policía Local que se lles mandou hoxe, e ese informe vaise mandar a Begasa para que tomen en conta eso, e advirtelle tamén que no lado donde a brigada de obras comeu un pouquiño de talud, pero que non fexo nada abaixo, que non quedou cuneta pero que tampouco a había antes.

Preguntalle o Sr. Reymondez Gancedo que aquela auga que baixa por alí por donde vai ou se se vai acumular alí.

O Sr. Castro Reigosa contestalle que baixa dende alí ata á ponte , e da ponte evacúa e sae para o outro lado.

O Sr. Alcalde dille que espere un momento e lle deixe anotarlo.

O Sr. Reymondez Gancedo dille que anote , e que anote tamén que naquela obra asfaltaron, pero quedou moito barro non sabe porqué, como se fora un furado e non estivera ben asfaltado, que o teña en conta cando pase por alí.

Prosegue falando do Pavillón Vello, e pide que se se poidera pintar.

O Sr. Alcalde dille que están neso.

Pidelles o Sr. Reymondez Gancedo que de paso que se poñen, que se poñan có novo, a ver se lle quitan as goteiras.

O Sr. Alcalde dille que están neso tamén, e que foi o Concelleiro que lles pode explicar algo máis.

O Sr. Castro Reigosa explica que respecto do Pavillón Novo, tiveran unha reunión o venres pasado na Dirección Xeral de Deportes, catro partes: a empresa, o Técnico da Dirección de Execución de obra, a Consellería e o Concello, que xa se fixeron varias avaliacións do estado da cuberta e nalgúns partes máis, e do selado do pavillón e levase acumulando este problema dende o remate das obras. Eles tiñan varios informes xa recibidos , incluídos con fotos detalladas de problemas anteriores, viñeron os técnicos de aquí, os da empresa, forase subsanando e tapando para seguir adiante, pero chegou a unha situación límite de que os problemas da cuberta son de maior calado. Di que a cuberta está en garantía, que ten unha garantía de 10 anos, e entón requiriron tanto a Consellería como a empresa para solucionarlo. O final o acordo o que se chegou a un acordo, a unha solución técnica por parte da Dirección e según se chegou a un acordo alí e según se requiriu por parte da Consellería, correspondelle a empresa a reparación dos defectos.

Pregunta o Sr. Reymondez Gancedo cando empezan as obras de reparación do Auditorio Municipal.

A Sra. Álvarez Lastra contestalle que xa están.

Pregunta o Sr. Reymondez Gancedo quen leva o control do uso dos pavillóns, quen da o control de cando se solicita o seu uso.

O Sr. Castro Reigosa contestalle que a solicitude faise como se fai normalmente no Concello, a través dunha solicitude, sen modelo específico, vale unha solicitude calquera a través do Concello, concretamente pasa o Concelleiro Delegado e él o remíte para informe do Técnico de Deportes, condicionado a disponibilidad. Se hai disponibilidad él emite un informe favorable para a cesión e senón contestaselle que non a hai.

Preguntalle o Sr. Reymondez Gancedo se esas solicitudes pasan sempre por él.

O Sr. Castro Reigosa di que sí, que deben de pasar por él, considera que sí que deben de pasar por él.

O Sr. Reymondez Gancedo pregunta en qué situación se encontra o expediente aberto ó Director da Escola Municipal de Música.

O Sr. Alcalde contestalle que está en trámite.

Volve a preguntar o Sr. Reymondez Gancedo en qué trámite está.

O Sr. Alcalde lle contesta o mesmo, que está en trámite.

O Sr. Reymondez Gancedo pregunta dende cando existe o libro de rexistro de inventario da Escola Municipal de Música.

Preguntalle a Sra. Álvarez Lastra se pregunta dende cando existe ou que.

O Sr. Reymondez Gancedo reiterase que é o libro de rexistro de inventario da Escola Municipal de Música.

A Sra. Álvarez Lastra di que non sabe porque libro lle pregunta.

O Sr. Alcalde dille que xa lle contestan no Pleno seguinte.

A Sra. Álvarez Lastra non sabe que libro é, que pode ser de instrumentos, de material informático, de mobiliario,... e pidelle que precise de que inventario se trata.

O Sr. Rivas pregunta se hai varios ou se hai ún, se existen varios ou ningún.

A Sra. Álvarez Lastra dille que si que hai un libro de inventario.

O Sr. Rivas preguntalle dende cando o hai.

A Sra. Álvarez Lastra dille que non os ten agora mesmo para poder dicirlle dende cando o hai.

Pide o Sr. Rivas que lle conteste no próximo Pleno.

A Sra. Álvarez Lastra dille que non o ten diante para saber a data.

Prosegue o Sr. Reymondez Gancedo decindo que se falou antes de seguridade, e pide que se pinten de novo os pasos de peóns, que hai algún que está bastante dañado, e que falando de pasos de peóns que se falaba tamén antes dos nenos de xogar, e que ese paso de peóns que hai aquí que cruza dende o parque de San Francisco o campo, é quizá o máis perigoso que hai en Ribadeo, e eles pensan que ese paso de peóns, a parte de ter moi pouca luz por a noite, ou sexa está mal iluminado, porque a xente di que se están tan xuntos, e a un conductor se lle sae un pícaro hai que telo en conta, porque se estivera elevado pola conta que lle ten xa se iba máis despacio, que e moi perigoso, que pode saír un pícaro e pillalo, porque non hai forma.

Prosegue preguntando cando se vai a, e non sabe moi ben como dicirlo, a reabrir ou reanudar a Casa da Ría, que se se vai abrir algunha vez ou reabrir.

O Sr. Alcalde dille se é unha pregunta o de que se vai a reabrir.

O Sr. Reymondez Gancedo di que sí.

O Sr. Alcalde contestalle que está aberta.

O Sr. Reymondez Gancedo preguntalle se está aberta dende sempre.

O Sr. Alcalde contestalle que está aberta en ocasións puntuais.

O Sr. Reymondez Gancedo dille que no verán por exemplo.

O Sr. Alcalde reiterase e contestalle que está aberta en ocasións puntuais.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que resulta que estan decindo que teñen unha precariedade económica.

O Sr. Reymondez Gancedo di que non lle preguntou por eso, que preguntou se se iba a abrir, se quedaba como estaba.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que resulta que estan por unha banda decindo que estan nunha precariedade económica e por outro estase decindo que hai que abri-la e se imaxina que para eso haberá que ter persoal, e que se contratan unha persoa, vai a ter un custo, entonces pide que se aclaren.

O Sr. Reymondez Gancedo di que lle está preguntando se se vai a reabrir.

O Sr. Alcalde di que non se vai a reabrir, que está aberta.

Prosegue o Sr. Reymondez Gancedo falando dos sumidoiros, que se se van a reparar ou amañar para que non alise mal.

O Sr. Alcalde di que o transmitiu e entende él que xa se fixeron, non sabe se se volveron a estropear ou se igual a empresa lles quedou algún por amañar.

O Sr. Reymondez Gancedo di que hai varios sitios.

O Sr. Alcalde preguntalle os sitios que hai.

O Sr. Reymondez Gancedo prosegue falando da Casa da Ría e interrompeo o Sr. Alcalde para dicirlle senón lle dí os sitios.

O Sr. Reymondez Gancedo pidelle perdón, di que non o entendera, que son na Avenida de Galicia, donde está o aparcadoiro de vehículos de carga e descarga, ese non fai moitos días que llo dixeron a él e él tamén o viu, tamén na rúa Suso Peña.

O Sr. Rivas Alvarez di que eso xa foi solicitado polos veciños hai tres anos.

Prosegue o Sr. Reymondez Gancedo pedindo se se podían reparar ou sinalizar de novo as Rutas de senderismo de *Aprendizaxe* do entorno da Casa da Ría as Fontes do Lobo.

Pregunta o Sr. Reymondez Gancedo cal é a deuda o Concello coa Asociación da Ponte dos Santos, senón ten problema en contestar.

O Sr. Alcalde dille que lle vai a contestar pero que non o sabe.

O Sr. Reymondez Gancedo pide que de paso lle diga a canto ascende a suma de facturas pendientes de recoñecemento extraxudicial de crédito a día de hoxe.

O Sr. Alcalde dille que sí.

Para finalizar o Sr. Reymondez Gancedo di que diante do Instituto, cree que lle chaman Grupo Francisco Iglesias, esas casas ou edificios sociais, non na entrada senón na saída se se fixan hai en frente un espello que indicaba antes aos que saían de Ribadeo, aos que viñan pola man esquerda, que estaba con bó criterio posto, porque non sabe porque pero que alí sempre había unhos coches aparcados, e se puxeron unhos tal, pero os coches seguen. Prosegue que o espello lles indicaba os viñan saindo de Ribadeo e non sabe porque o cambiaron agora e indica os que veñen da gasolinera, e pide se se poidera cambiar a orientación, porque realmente cree que a orientación tal, ten que ser para os que saen, e pregunta senón o solicitaron os veciños daquela zona.

O Sr. Cupeiro Rodriguez , Concelleiro Delegado de Medio Ambiente dille ao Sr. Reymondez Gancedo se lle pode facer una pregunta respecto a ruta esa que se pide, que se había autorización por parte da Comunidade de Montes para que puidera circular por alí a ruta, dende a Casa da Ría anta as Fontes do Lobo.

O Sr. Rivas Alvarez di que son dúas rutas distintas.

O Sr. Cupeiro Rodríguez dille que non.



O Sr. Rivas Alvarez di que o Sr. Reymondez Gancedo fala doutra rota e non da de as Fontes do Lobo, que son dúas rotas diferentes.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que como se pasa a través dunha propiedade, que é privada.

O Sr. Rivas Alvarez, di que vai a través de unhas pistas forestales donde sigue practicamente todo o terreno.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, di que iso todo é da Comunidade.

O Sr. Rivas Alvarez, di que entende que son pistas forestales.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, dille que so está preguntando, xa que igual se van meter nun sitio que non hai autorización, e que por iso pregunta.

O Sr. Rivas Alvarez, di que supón que hai autorización xa que no seu momento se fexo.

O Sr. Reymondez Gancedo di que na súa aldea él tampouco é consciente de por donde pasan tódalas rutas, se no seu día estiveron, se supón que había permiso, e senón non sabe.

O Sr. Rivas Alvarez, di que non o recorda, que en todo caso, se faría verbalmente.

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha pregunta ou rogo máis.

Non sendo outro o obxecto da sesión dase por rematada a mesma, levantándose ás vintetrés horas e cinco minutos, de todo o que se estende a presente acta e eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,